ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 6 DE MARZO DE 2014.-

| | |
|---|---|
| Sres. Asistentes:<br><br>Sr. Alcalde:<br>D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.<br>Sres. Concelleiros:<br>Dª MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ<br>D. ALMA BEATRIZ BARRON FERRO.<br>D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO<br>Dª OLIMPIA MARCOS GARCIA<br>D. JOSE JUAN VILAR RICO.<br>D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO<br>Dª JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.<br>Dª MERCEDES GRANDE REGUEIRO.<br>Dª MARTA SEIJAS DIAZ.<br>D. EMILIO MESIAS FARIAS.<br>D. ANGEL M. FERNANDEZ PERMUY.<br>D. LUIS CENDAN FERNANDEZ.<br>SR. SECRETARIO.:<br>D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ. | No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e sete minutos do día seis de marzo de dous mil catorce, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.<br><br>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos: |

**PUNTO NÚM. 1.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE CAMBIO DATA SESIÓN ORDINARIA.-**

Sometido a votación a ratificación do cambio de data da sesión ordinaria para o día de hoxe, o Pleno do Concello por 11 votos a favor ( 6 do PSdeG-PSOE, 4 PP e 1 NAL), e 2 votos en contra do Grupo Municipal do BNG acorda prestarlle a súa aprobación.

**PUNTO NÚM. 2.- APROBACIÓN INICIAL SE PROCEDE DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.-**

Dada conta dos seguintes informes que figuran unidos ó expediente:

- Informe da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, de data 16 de setembro de 2013.
- Informe da Secretaria Xral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras de data 23 de setembro de 2013, (informe en materia de Costas).
- Deputación Provincial de A Coruña: Informe Sectorial aprobado pola Xunta de Goberno o 14-08-2013.
- Secretario de eStado de Medio Ambiente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar de data 17-09-2013.
- Axencia Galega de Infraestructuras da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 31 de outubro do 2013.
- Secretaria de Estado de Infraestructuras, Transporte e Vivenda-Dirección Xeral de Aviación Civil de 07-10-2013.
- Consellería do Medio Rural e do Mar Xefatura Territorial da Coruña, Distrito Forestal I, de 02-10-2013.

Dase conta do informe conxunto do Sr. Secretario e do Tecnico Municipal de data 9 de xullo de 2013, que seguindamente se transcribe:

**"INFORME CONXUNTO DE SECRETARÍA-SERVIZOS TÉCNICOS**

***Asunto : PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE ARES.***

De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, e 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, emítese o seguinte, INFORME

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ares tramitado baixo a vixencia da derrogada Lei 1/1997, do Solo de Galicia, previo informe preceptivo e vinculante do Excmo. Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de 8-03-99, foi aprobado con carácter definitivo polo Pleno do Concello na sesión do día 26-03-99.

Dito Plan Xeral de Ordenación Municipal foi anulado pola Sentenza do T.S.X.G. do 23-10-03, Sá do Contencioso-Administrativo (Sección 2ª) e interposto Recurso de Casación perante o Tribunal Supremo, este a medio da Sentenza do 14-11-07 desetima o mesmo quedando en consecuencia sen efecto o devandito Plan Xeral de Ordenación Municipal.

**Segundo.-** Consecuencia delo, recobran vixencia as Normas de Ordenación Subsidiarias de Planeamento de Ares de 1977, aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o 04-12-1978 (B.O.P. núm. 68, de 23-03-1979) coa pertinente aplicación integra polo principio de xerarquía normativa da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (Disposición transitoria primeira Lei 9/2002, de 30 de decembro) e da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
Nos atopamos en consecuencia en vigor cunha normativa do ano 1977 que ademáis de ser un documento de mínimos para o que seu día significaba Ares urbanísticamente, é decir de nula ou escasa actividade urbanística, hoxe en día está superado tanto normativamente como na realidade física.

As devanditas Normas Subsidiarias presentan indeterminacións, lagunas, deficiencias e desaxustes normativos, así como a consecuencia do desenrolo e consolidación

propiciada polo PXOM anulado, atopase un tremendo desaxuste entre a realidade física existente derivada da aplicación do P.X.O.M. e as raquíticas NN.SS.PP. de Ares.

Asía as cousas, para saír do paso de multitude de problemas derivados da inadecuación e desaxuste das NN.SS.PP. de Ares, as mesmas foron obxecto de diversas modificacións puntuais :

- Modificación Puntual das NN.SS.PP. para a ampliación das instalacións do C.P.I. Conde de Fenosa aprobada por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 14-09-11 (DOG nº. 187, do 29-09-11 e BOP nº. 193, do10-10-11).
- Expediente de Modificacións Puntuais das NN.SS.PP. que comprende 6 modificacións puntuais, aprobándose por Orde do 24-01-12 do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 24-01-12 catro modificacións puntuais (DOG Nº. 26, do 07-02-12 e BOP nº. 74, do 19-04-12).
- Modificación Puntua das NN.SS.PP. para aprobación normativa urbanística das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Ares aprobada por Orde do 13-12-12 (DOG nº. 3, do 04-01-13 e BOP nº. 246, do 27-12-12).

Ilustrativa de tal desaxuste é o informe da Secretaría do día 18-05-08 relativo á anulación do PXOM e aplicación NNSSPP de Ares :

***"ASUNTO : ANULACIÓN P.X.O.M. E APLICACIÓN N.O.S.P.. DE ARES***

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª) na Sentenza de 23-10-03 recaída no recurso contencioso-administrativo nº. 4427/99, anula o P.X.O.M. aprobado con carácter definitivo na sesión Plenaria do día 26-03-99.

**Segundo.-** Contra a Sentenza do T.S.X.G. de 23-10-03 interponse recurso de casación perante o Tribunal Supremo, o cal con data 14-11-07 falla que non ha lugar ó recurso de casación contra a Sentenza citada do T.S.X.G., e na súa consecuencia ó non casar a devandita Sentenza, confirma a Sentenza do T.S.X.G.

**Terceiro.-** Plantexado excepcional incidente de nulidade de actuacións previsto na Lei de Enxuizamento Civil (art. 228) e na Lei Orgánica do Poder Xudicial (art. 241), a Sala do Contencioso-Administrativo –Sala 3ª- do Tribunal Supremo con data catorce de xaneiro de 2008, desestima o mesmo e denega tamén a suspensión da execución da Sentenza.

**Cuarto.-** Contra a Sentenza do Tribunal Supremo ó abeiro do artigo 44 da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional, interponse recurso de amparo (ó modesto entender do funcionario que subscribe, recurso moi brillante, ilustrado e razoado) e asemade solicitáse a suspensión dos efectos da Sentenza do T.S. ata que se resolva o recurso de amparo (art. 56 Lei Orgánica do T.C.). Dita petición de suspensión sustanciaráse con audiencia das partes e do Ministerio Fiscal, por un prazo común que non excederá de tres días e co informe das autoridades responsables da execución. A día de hoxe a representación procesal do Concello non comunicou acordo algún, se ben vistos os precedentes de Concellos en situación análogas e a saturación que sofre o Tribunal Constitucional os visos de que prospere a petición de suspensión é moi difícil.

**Quinto.-** Anulado o P.X.O.M. recobran vixencia as N.O.S.P de Ares de 1977, aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o día 4-12-1978 e publicado o acordo de aprobación no Boletín Oficial da Provincia nº. 68, de 23-03-1979.

**Sexto.-** Ditas Normas foron obxecto de diversas modificacións, informando o Técnico municipal (19-06-08) que o documento obrante no Concello non está dilixenciado e, conseguintemente non consta a veracidade do mesmo.

**Sétimo.-** Asemade no Informe Técnico de 19-06-08, advírtese da insuficiencia e inviabilidade da aplicación das N.O.S.P.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**Primeiro.-** A publicación do acordo de aprobación definitiva, aínda cando non constitué requisito de validez, condiciona, sine qua non, como requisito necesario, a vixencia dos plans e demáis normas urbanísticas, así como a súa eficacia, que producese de forma inmediata, sen período de vacatio legis, xa que, segundo o artigo 131 do Texto Refundido da Lei do Solo de 1992, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1992, de 26 de xuño, unha vez publicado o acordo aprobatorio, os citados instrumentos urbanísticos serán "*inmediatamente ejecutivos*".

Deste precepto e do artigo 132.1 do Regulamento de Planeamento Urbanístico, aprobado por Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, deducese que o Plan non ten eficacia retroactiva e que a súa eficacia producese a partir da súa publicación. Esta normativa do Texto Refundido do ano 1992 coincide coa contida na Lei sobre Réxime e Ordenación do Solo, Texto Refundido aprobado polo Real Decreto 1346/1976, de 9 de abril e os seus regulamentos, vixentes no momento da aprobación das N.O.S.P. de Ares.

**Segundo.-** Tal doutrina foi obxecto de rectificación mediante o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na súa orixinaria redacción, Así pois, a Lei 7/1985, de 2 de abril LRBRL obrigaba a publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro das Ordenanzas e demáis normas urbanísticas, que en consecuencia, non podían entrar en vigor senon despois de transcurrido o prazo de 15 días a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril. É de significar que o artigo 124 do Texto Refundido da Lei do Solo de 1992 ignorou tal determinación.

Igoalmente a Corporación pode plantexarse proceder a efectuar delimitacións de núcleos rurais, que se estimen sexan viables e que teñen tamén unha tramitación abreviada.

Cuarta.- Finalmente en relación á falta de acreditación de autencidade do documentación das N.O.S.P., as licencias e actos dictados en aplicación das mesmas gozan da "presunción de legalidade" ata tanto ésta non sexa destruida por Sentencia xudicial, se ben os Servicios Técnicos por cautela deben facer constar dito feito.

Tal é o meu informe que someto a outor mellor fundado en Dereito, e que a Corporación co seu superior criterio acordara o que estime convinte."

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TÉCNICOS.

**PRIMEIRO.** Os Plans Xerais de Ordenación Municipal, como instrumentos urbanísticos de ordenación integral, abarcarán un ou varios termos municipais completos, clasificarán o solo para o establecemento do Réxime Xurídico correspondente, definirán os elementos fundamentais da estrutura xeral adoptada para a ordenación urbanística do territorio e establecerán as determinacións orientadas a promover o seu desenvolvemento e execución.

O contido dos Plans Xerais de Ordenación Municipal deberá ser congruente cos fins que nos mesmos se determinen e adaptarse ás características e complexidade urbanística do territorio que sexa obxecto da ordenación, garantindo a coordinación dos elementos fundamentais dos respectivos sistemas xerais.

Así mesmo, o Plan Xeral deberá garantir a coherencia interna das determinacións urbanísticas, a viabilidade técnica e económica da ordenación proposta, o equilibrio dos beneficios e cargas derivados do Plan entre as distintas áreas de repartición, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación e a participación da comunidade nas plusvalías xeradas en cada área de repartición.

**SEGUNDO.** A Lexislación aplicable ven determinada por:

— Os artigos 52 e seguintes, 77, 81, 84, 85, 89, 92, 97, 100 e 101 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

— O artigo 5.b) da Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia.

— A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.

— O Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

Así mesmo é aplicable a Lexislación sectorial seguinte:

— Defensa: disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

— Estradas: artigo 10.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, cando afecte a estradas estatais; artigo 16.6 da Lei 10/2008, de 9 de decembro, de Estradas de Galicia, cando afecte á rede autonómica de estradas.

— Costas: artigo 112.a) da Lei 22/1988, de 28 de xuño, de Costas, e concordantes do Real Decreto 1471/1989, de 1 de diciembre, polo que se aproba o regulamento xeral para o desenrolo e execución da Lei 22/1988, 28 de xullo, de Costas.

— Patrimonio cultural: artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

— Patrimonio das Administracións Públicas: artigo 189 da Lei 33/2003, do Patrimonio das Administracións Públicas.

— Augas: artigos 20.1.d), 25.4 e 40 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas e Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

— Medio ambiente: artigo 18 da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.

— Ordenación do Territorio: O Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio de Galicia.

— Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia.

— Residuos: artigo 21 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia.

— Montes: artigo 39 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.

— Sector de hidrocarburos: artigo 5 da Lei 34/1998, de 7 de outubro, do Sector de Hidrocarburos.

— Sector eléctrico: artigo 5 da Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico.

— Telecomunicacións: artigo 26 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.

— Integración social dos minusválidos: artigo 54 da Lei 13/1982, de Integración

Social dos Minusválidos, e Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

— Ruído: Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído; Real Decreto 1513/2005, de 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no que se refire á avaliación e xestión do ruído ambiental; así como o Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no que se refire a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións de calidade.

— Turismo: Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia.

— Deporte: artigo 13 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

— Portos: Lei 27/1992, de 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante.

-- Normativa relativa a servidume de navegación aérea : Lei 48/1960, do 21 de xullo sobre Navegación Aérea e Decreto 584/72, do 24 de febreiro de Servidumes Aeronáuticas, modificado por Decreto 2490/74, do 9 de agosto e polo Real Decreto 1541/2003, do 5 de decembro que desenrola o artigo 51 da Lei 48/60 sobre Navegación Aérea.

-- Real Decreto 374/1996, do 23 de febreiro polo que se modifican as Servidumes Aeronáuticas estabrecidas no Aeroporto de A Coruña.

-- Criterios de interpretación das disposicións da Lei 2/2010 contidas na Instrución 1/2011 de 12 de abril para a aplicación da Lei 2/2010 de 25 de marzo de medidas urxentes para cambiar a Lei 9 / 2002 de 30 de decembro de xestión urbana e de protección da Galicia rural. Esta disposición ten a natureza de instrución ou orde de servicio emitida de conformidade co disposto no artigo 26.3.b da Lei 16/2010 de 17 de decembro, a organización e funcionamento da Administración xeral e da Industria de Galicia (Dog n º 251 de 31 de decembro de 2010), polo que só é obrigatoria para os órganos e unidades administrativas do departamento.

**TERCEIRO.** O Plan Xeral de Ordenación Municipal deberá establecer as determinacións establecidas nos artigos 53 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Especialmente é de suliñar nos termos do artigo 47 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, que os plans xerais deberán prever unhas reservas de solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública que, como mínimo, comprenderán os terreos necesarios para realizar o 30% da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo que vaia ser incluído en actuacións de urbanización.

As reservas para a construción de vivendas protexidas deberán localizarse evitando a concentración excesiva de vivendas deste tipo e a segregación territorial por razóns de nivel de renda e favorecendo a cohesión social, atendendo á distribución, en función do tipo de solo, que se fixa no apartado 12 de artigo 47 da mesma Lei.

*Límites de sostenibilidade Concello de Ares (tramo5.000-20.000 hab.) :*

| | | |
|---|---|---|
| Solo urbano non consolidado uso residencial-hoteleiro-terciario | 0,85 m2 edificables por cada m2 de solo | Xustificado |
| Solo urbanizable delimitado uso residencial-hoteleiro-terciario | 0,60 m2 edificables por cada m2 de solo | Xustificado |
| Resto solo urbanizable delimitado e non delimitado uso residencial, hoteleiro-terciario | 0,30 m2. edificables por cada m2 de solo | Xustificado |

*Calidade de vida e cohesión social :*

| | | |
|---|---|---|
| Sistema xeral espazos libres-zonas verdes dominio-uso públicos | Proporción non inferior a 15 m2 por cada 100 m2 edificables uso residencial | Xustificado |
| Sistema xeral equipamento comunitario titularidade pública | Proporción non inferior a 5 m2 por cada 100 m2 edificables uso residencial | Xustificado |

| | | |
|---|---|---|
| Reservas mínimas Ordenación detallada solo urbano consolidado-urbanizable | Art. 47.2.a | Xustificado |
| | Art. 47.2.b | Xustificado |
| | Art. 47.2.c. | Xustificado |

**CUARTO.** O Plan Xeral de Ordenación Municipal conterá a estratexia para o desenvolvemento coherente do Plan e, en particular, determinarán a execución dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado.

Así mesmo determinarán os ámbitos de actuación preferente en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, para os que se fixarán os prazos e condicións en que teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada sen necesidade de remisión ao plan de desenvolvemento.

Respecto á consolidación, o P.X.O.M. incorpora as áreas de Solo non consolidado desenrolados no P.X.O.M. de 1999 anulado :

- Polígono non consolidado-1 (API-6).
- Polígono non consolidado-2 (API-5).
- Polígono non consolidado-3 (API-3).
- Polígono non consolidado-7 (API-1).

- Polígono non consolidado-15 (API-2).

Tamén incorporáse o solo urbano ademáis das áreas de Ares e Redes, a finca do Pombal desenrolado mediante un Plan Parcial, ao abeiro do P.X.O.M. de 1999 (API-7).

En relazón ao Solo Urbano non Consolidado, este configuráse por seis novos polígonos a desenrolar mediante os correspondentes PERIS, xustificándose as reservas dotacionais.

Ao núcleo urbano de Ares serán de aplicación as seguintes ordenanzas :

- Casco antigo de Ares.
- Edificación en mazá pechada.
- Edificación en bloques abertos.
- Edificación en ringleira.
- Edificación extensiva.
- Edificación con uso turístico-hoteleiro.
- Equipamentos.
- Zonas verdes e espazos libres.

No solo urbano de Redes contemplase a súa ordenación pormenorizada, disntinguíndose os seguintes tipos de solo :

- Solo urbano de casco antigo de Redes.
- Edificación en ringleira.
- Edificación extensiva.
- Equipamentos.
- Zonas verdes e espazos libres.

Cumpre suliñar que a ordenación do casco de Redes segue os parámetros xa recollidos no anterior P.X.O.M. coas medidas protectoras que no mesmo se contemplaban, o cal durante a súa vixencia permitiú conservar adecuadamente a morfoloxía do Núcleo Tradicional, e por conseguínte estímase convinte seguir adoptando ditas medidas protectoras xa previstas no P.X.O.M. de 1999.

No solo urbanizable, contemplase 4 solos urbanizables non delimitados, dos que tres teñen como uso global o residencial, mentras que o cuarto é de uso industrial.

Respecto ao Solo de Núcleo Rural, identificase dentro da tipoloxía dos diferentes tipos de núcleos básicos (rural histórico-tradicional, rural común e rural complexo –art. 13 lei 9/2002 "solo de núcleo rural"). Dentro deles figuran 16 núcleos xa recollidos no P.X.O.M. anulado e tres novos núcleos :

- San Roque (Parroquia de Ares).
- Rodeias (parroquia de Caamouco).
- A Rúa (parroquia de Caamouco).

Os Núcleos Rurais delimitados remítense a Plans Especiais de Mellora do Núcleo Rural coa exclusiva finalidade de completar o trazado da súa rede viaria e sinalización de aliñacións e rasantes cun réxime transitorio para as novas construccións mentras non se trámite o devandito Plan Especial de Mellora do Núcleo Rural.

Tamén destacar en relazón á zona máis próxima á praia de Chanteiro, e que afecta ao Núcleo do mesmo nome e a súa zona común, a súa remisión a un Plan Especial de Mellora, pero cuxa finalidade é diferente. Tratáse de mellorar as condicións dun núcleo existente situado nun ámbito delicado, recoñecido no Plan de Ordenación do Litoral como área de recualificación, por tratarse dunha nova agrupación de carácter residencial, desvinculada do núcleo fundacional e desconforme co modelo territorial proposto dende o POL.

No Solo Rústico distinguise as seguintes categorías :

- Solo rústico de Protección Ordinaria.
- Solo rústico de Especial Protección :

    1. Protección Agropecuaria.
    2. Protección Forestal.
    3. Protección de Augas.
    4. Protección de Costas.
    5. Protección de Espazos Naturais.
    6. Protección Paisaxística.
    7. Protección de Infraestructuras.
    8. Protección de Patrimonio.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal conterá unha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de financiamento, xustificando as previsións que deban realizarse con recursos propios do Concello.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal cuantifica a inversión municipal, tendo en conta a Calidade de vida e cohesión social previsto no artigo 47 da Lei 9/2002 :

- Execución de dotacións ou infraestructuras de sistema xeral, abranguendo o sistema xeral de zonas verdes (8.654.854,00),
- Sistema xeral viario (748.012).
- Sistema xeral equipamentos (500.592).
- Sistema local zonas verdes (385.616).
- Sistema local viario (37.080).

Avalía a obtención de parcelas destinadas a equipamento correspondentes a parcelas obtidas mediante cesión das Áreas de actuación P-1, P-2, P-3, P-4, P-5, P-6 e Solos Urbanizables non delimitados SUND-1,2,3,4 e I (industrial), así como a obtención das parcelas lucrativas correspondentes á cesión do 10 por 100 do aproveitamento tipo de cada área de reparto nos termos do artigo 113 da Lei 9/2002.

Cabe suliñar que no Documento VIII "Informe de sostibilidade económica, de tódalas actuacións contempladas no P.X.O.M. soamente unha será realizada por outra Administración "Ministerio de Medio Ambiente -Dirección Xeral de Costas-" para a realización do bordo litoral da praia de Chanteiro, ainda sen constancia de compromiso en firme da súa consignación.

Respecto á programación, o devandito Informe de sostibilidade económica do P.X.O.M., ten en conta á actual situación de recesión económica, prevendo unha duración de alomenos 16 anos, inclusive nun espazo temporal maior ao correr integramente con cargo a fondos municipais.

No caso de que se atribúa o financiamento a Administracións ou Entidades Públicas distintas do Municipio, deberá acreditarse a conformidade das mesmas, que como xa sinalou estáse pendente da confirmación da Dirección Xeral de Costas para a realización do bordo litoral da praia de Chanteiro..

**QUINTO.** Tivose en conta o artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, segundo o cal, os instrumentos de ordenación territorial e urbanística están sometidos a avaliación ambiental de conformidade co previsto na lexislación de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e neste artigo, sen prexuízo da avaliación de impacto ambiental dos proxectos que se requiran para a súa execución, no caso que fosen necesarios, así como o artigo 5 da Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia que establece a obrigatoriedade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica dos Plans Xerais de Ordenación Urbana.

Neste sentido, o procedemento de avaliación ambiental estratéxica deberá tramitarse simultaneamente co procedemento legalmente establecido para a súa aprobación e seguindo as directrices establecidas no artigo 7 da Lei 6/2007, de 11 de maio.

**SEXTO.** As determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal desenvolvese no documentos que esixe o artigo 61 da Lei 9/2002 :

— Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.
— Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional.
— Informe de sustentabilidade ambiental e memoria ambiental.
— Planos de información.
— Planos de ordenación urbanística do territorio.
— Normas urbanísticas.
— Estratexia de actuación e estudo económico.
— Catálogo de elementos a protexer ou recuperar.
— Informe ou memoria de sustentabilidade económica.
— Aqueles outros que se estimen necesarios para reflectir adecuadamente as súas determinacións.

Examinado o expediente, o P.X.O.M consta de :

- Análise do modelo de asentamento poboacional (Doc. I).
- Fichas : Análise do modelo de asentamento poboacional (Doc. I).
- Estudo do medio rural (Doc. II).
- Memoría xustificativa (Doc. III).
- Estratexia de actuación e estudo económico (Doc. IV).
- Normativa urbanística (Doc. V).
- Catálogo (Doc. VI).
- Informe de sostibilidade ambiental (Doc. VII).
- Informe de sostibilidade económica (Doc. VIII).
- Planos de información (Doc. IX).
- Planos ordenación (Doc. X)
- Fichas de ordenación de núcleos rurais (Doc. X).
- Anexo : Anteproxecto (Avaliación ambiental estratéxica).

**SÉTIMO.** O procedemento a seguir é o seguinte:

**A.** Iniciada a fase de formulación do plan xeral, a Consellería competente en materia de urbanismo, previa solicitude do Concello que o formulou, subministrará a esta no prazo de dous meses canta documentación considere necesaria ou de interese

e coordinará canta información deba ser tida en conta para a redacción do instrumento de ordenación de que se trate e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

**B.** Cumpridos os trámites anteriores, redactarase un anteproxecto de plan, como **documento de inicio**, que servirá de orientación para a elaboración e avaliación ambiental do plan sobre as bases aceptadas de principio polas administracións públicas con competencias concorrentes.

De conformidade co parágrafo segundo do artigo 84.4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, o documento de inicio conterá un estudo detallado do medio rural e do modelo de asentamento poboacional, así como a descrición e avaliación do sistema de núcleos que se propoña e do alcance, contido e obxectivos da planificación, así como das propostas e alternativas formuladas. Conterá, así mesmo, unha avaliación do seu desenvolvemento previsible, os seus efectos ambientais e os efectos que se prevexan que pode ter sobre os elementos estratéxicos do territorio, a planificación sectorial e territorial implicada e as normas de aplicación.

**C.** O Concello comunicará ao órgano ambiental o acordo da súa formulación, xunto co documento de inicio a que se refire o apartado anterior.

No prazo de dous meses desde que se reciba a documentación completa, o órgano ambiental dará traslado ao concello promotor da amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do Informe de sustentabilidade ambiental, tras identificar e consultar ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado, de conformidade co artigo 9 da Lei 2/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente.

A determinación da amplitude e nivel de detalle do informe de sustentabilidade ambiental comunicaranse ao Concello mediante un documento de referencia que incluirá ademais os criterios ambientais estratéxicos e indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables en cada caso.

Igualmente, deberá informarse, no seu caso, da congruencia cos instrumentos establecidos na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia.

**D.** Recibido polo Concello o **documento ambiental de referencia**, de conformidade co disposto no artigo 8 da Lei 9/2006, de 28 de abril, elaborarase por este o **informe de sustentabilidade ambiental**, atendendo aos criterios contidos no documento de referencia redactado polo órgano ambiental.

De acordo cos artigos da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente, no Informe de Sustentabilidade Ambiental, o órgano promotor debe identificar, describir e avaliar os probables efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivarse da aplicación do plan, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, incluída entre outras a alternativa cero, que teña en conta os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan. A estes efectos, entenderase por alternativa cero a non realización do devandito plan ou programa.

O Informe de Sustentabilidade Ambiental facilitará a información especificada no Anexo I, así como aquela que se considere razoablemente necesaria para asegurar a calidade do Informe. A estes efectos, teranse en conta os seguintes extremos:

Os coñecementos e métodos de avaliación existentes.

O contido e nivel de detalle do plan ou programa.

A fase do proceso de decisión en que se encontra.

A medida en que a avaliación de determinados aspectos necesita ser complementada noutras fases do proceso, para evitar a súa repetición.

O Informe de Sustentabilidade Ambiental, como parte integrantes da documentación do plan, debe ser accesible e intelixible para o público e as Administracións públicas, e conterá un resumo no técnico da información a que se refire o Anexo I.

**E.** Terminada a fase de elaboración do plan e antes da súa aprobación inicial, os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e a calidade técnica da ordenación proxectada, tras o cal o expediente completo será remitido á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do territorio para o seu

informe, que deberá ser emitido no prazo de dous meses.

De conformidade co artigo 85.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

F. O Concello procederá á súa **aprobación inicial**

O acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación territorial determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de plan cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; a estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión.

A suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar da devandita aprobación e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do plan.

G. O plan aprobado inicialmente con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, será sometido simultaneamente ás consultas previstas no documento de referencia e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes.

Sinala o artigo 85.2 in fine que non será necesaria a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados.

H. Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, o Concello deberá solicitar das Administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinale outro prazo.

*En materia de **Defensa:** os instrumentos urbanísticos que incidan sobre terreos, edificacións e instalacións, incluídas as súas zonas de protección, afectos á defensa nacional, deberán ser sometidos, respecto desta incidencia, a información vinculante da Administración Xeral do Estado, tal e como establece a disposición adicional primeira do Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo, en zonas de protección da defensa nacional.*

*En materia de **Estradas**, de conformidade co artigo 10.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo, de Estradas, cando afecte a estradas estatais. Así mesmo terase en conta a Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, cando afecte a estradas autonómicas.*

*No ámbito do **Patrimonio cultural**, terase en conta o artigo 20 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, así como a Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, cando afecte a bens de interese cultural, propiedade da Comunidade Autónoma.*

*Así mesmo o artigo 189 da Lei 33/2003, do **Patrimonio das Administracións Públicas**, establece que sen prexuízo das publicacións que fosen preceptivas, a aprobación inicial, a provisional e a definitiva de instrumentos de plan urbanístico que afecten a bens de titularidade pública deberán notificarse á Administración titular dos mesmos. Cando se trate de bens de titularidade da Administración Xeral do Estado, a notificación efectuarase ao Delegado de Economía e Facenda da Provincia en que radique o ben.*

*Os prazos para formular alegacións ou interpor recursos fronte aos actos que deban ser obxecto de notificación comezarán a contarse desde a data da mesma. Corresponderá aos Secretarios dos Concellos efectuar as notificacións arriba previstas.*

*En materia de **Augas**, informárase por Augas de Galicia, e téñase en conta que o artigo 40 da Lei de Augas do Texto Refundido 1/2001, de 20 de xullo, neste sentido, o Consello Nacional da auga informará preceptivamente sobre os Plans de Ordenación Urbana, en tanto afecten substancialmente á planificación hidrolóxica ou aos usos da auga [artigo 20.1.d) da citada Lei].*

*A Confederación Hidrográfica emitirá informe preceptivo nos termos que establece o artigo 25.4 da citada Lei de Augas, neste sentido: «As Confederacións Hidrográficas emitirán informe previo, no prazo e supostos que regulamentariamente se determinen, sobre os actos e plans que as Comunidades Autónomas deban aprobar no exercicio das súas competencias, entre outras, en materia de medio ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, espazos naturais, pesca, montes, regadíos e obras públicas de interese rexional, sempre que tales actos e Plans afecten o réxime e aproveitamento das augas continentais ou aos usos permitidos en terreos de dominio público hidráulico e nas súas zonas de servidume e policía, tendo en conta a estes efectos o previsto na planificación hidráulica e nas planificacións sectoriais aprobadas polo Goberno.*

*O informe entenderase desfavorable se non se emite no prazo establecido ao efecto».*

*En relación coa conservación dos **Espazos naturais protexidos**, a Lei 42/2007, de 13 de decembro, establece, no seu artigo 18 que «cando os instrumentos de ordenación territorial, urbanística, de recursos naturais e, en xeral, física, existentes resulten contraditorios cos Plans de Ordenación de Recursos Naturais deberán adaptarse a estes. En tanto esa adaptación non teña lugar, as determinacións dos Plans de Ordenación de Recursos Naturais aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre os devanditos instrumentos. Así mesmo, os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais serán determinantes respecto de calquera outras actuacións, plans ou programas sectoriais, sen prexuízo do que dispoña respecto diso a lexislación autonómica. As actuacións, plans ou programas sectoriais só poderán contradicir ou non acoller o contido dos Plans de ordenación dos Recursos Naturais por razóns imperiosas de interese público de primeira orde, nese caso a decisión deberá motivarse e facerse pública».*

*Así mesmo debe terse en conta na mesma materia a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.*

*En materia de **Residuos**, hai que citar o artigo 21 da Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia, así, «os instrumentos de plan urbanístico adaptaranse ás determinacións do Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos, sen prexuízo de que este se adecúe no posible á planificación urbanística vixente».*

*En materia de **Montes**, o artigo 39 da Lei 43/2003, de Montes, establece que «os instrumentos de plan urbanístico cando afecten á cualificación de terreos forestais, requirirán o informe da Administración forestal competente. Devandito informe será vinculante se se trata de montes catalogados ou protectores».*

*En materia do **Sector eléctrico**, o artigo 5 da Lei 54/1997, de 27 de novembro, do Sector Eléctrico, establece que «a planificación das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica cando estas se sitúen ou discorran en solo **non urbanizable**, deberá terse en conta no correspondente instrumento de ordenación do territorio. Así mesmo e na medida en que ditas instalacións se sitúen en calquera das categorías de solo cualificado como **urbano ou urbanizable**, dita planificación deberá ser contemplada no correspondente instrumento de ordenación urbanística, precisando as posibles instalacións, cualificando adecuadamente os terreos e establecendo, en ambos os casos, as reservas de solo necesarias para a localización das novas instalacións e a protección das existentes».*

*No ámbito de **Telecomunicacións**, débese ter en conta o artigo 26 da Lei 32/2003, de 3 de novembro, Xeneral de Telecomunicacións, neste sentido «... Os órganos encargados da redacción dos distintos instrumentos de planificación territorial e urbanística deberán solicitar da Administración Xeral do Estado o oportuno informe sobre as necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas no ámbito territorial a que se refiran.*

*Os instrumentos de planificación territorial ou urbanística deberán recoller as necesidades de redes públicas de comunicacións electrónicas contidas nos informes emitidos polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e garantirán a non discriminación entre os operadores e o mantemento de condicións de competencia efectiva do sector».*

*A Lei 13/1982, de 7 de abril, de **Integración Social dos Minusválidos**, establece no seu artigo 54, en relación coa mobilidade e as barreiras arquitectónicas, que a planificación se efectuará de forma tal que resulten accesibles e utilizables aos minusválidos. Da mesma forma, deberá terse en conta a Lei 51/2003, de 2 de decembro, de Igualdade de Oportunidades, Non Discriminación e Accesibilidade Universal das Persoas con Discapacidade.*

*Así mesmo téñase en conta a Lei 8/1997, de 20 de agosto, de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*Do mesmo xeito, deberá terse en conta no plan urbanístico as disposicións da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do **Ruído** e Real Decreto 1513/2005, de 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no que se refire á avaliación e xestión do ruído ambiental, así como o Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións de calidade.)*

*En materia de Costas, informárase tanto polo Ministerio de Medio Ambiente -Dirección Xeral de Costas- como polo órgano competente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.*

*En materia de Servidume Aeronaútica, será informado polo Ministerio de Fomento.*

*Finalmente, no ámbito de Portos, será informado tanto polo Ministerio de Fomento, como polo órgano competente da Xunta de Galicia.*

**No caso de que algún dos informes sectoriais sexa discrepante, se son vinculantes, deberase obrigatoriamente modificar o proxecto; se non o son, a Corporación pronunciarase sobre os mesmos.**

**Recibidos os correspondentes informes, as consideracións e indicacións contidas nos mesmos que sexan vinculantes ou aqueloutros que se consideren convenientes, deberán incorporarse ás determinacións do Plan.**

**I. O Concello, unha vez transcorrido o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional ou á definitiva cando aquela non sexa preceptiva, enviará ao órgano ambiental a documentación completa do Plan que tome en consideración o informe de sustentabilidade ambiental, as alegacións e os**

informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o procedemento de participación cidadá.

J. O órgano ambiental, no prazo de dous meses desde a recepción da documentación completa elaborará a **memoria ambiental**, ao obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta do Plan, na que se analizarán o proceso de avaliación, o informe de sustentabilidade ambiental e a súa calidade, avaliarase o resultado das consultas realizadas e como foron tomadas en consideración e analizarase a previsión dos impactos significativos da aplicación do Plan.

Transcorrido o prazo de dous meses sen que fose comunicado ao Concello a memoria ambiental, entenderase aceptada a proposta de memoria enviada ao órgano ambiental e poderase continuar coa tramitación do plan.

A memoria ambiental conterá as determinacións finais que deban incorporarse á proposta de Plan. Terá carácter preceptivo e terase en conta no plan antes da súa aprobación definitiva.

O cumprimento deste trámite de toma en consideración da documentación enviada polo Concello polo órgano ambiental interromperá o cómputo dos prazos que para a aprobación do Plan establece a Lei 9/2002, de 30 de decembro.

K. O Pleno do Concello aprobará provisionalmente o contido do Plan coas modificacións que fosen pertinentes e someterao, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que deba outorgar a aprobación definitiva.

L. A Consellería, no prazo dun mes, examinará con carácter previo a integridade documental, tanto do proxecto de Plan como do expediente e das actuacións administrativas realizadas, así como a adecuación ás determinacións de memoria ambiental que deban incorporares ao Plan.

Sinala o artigo 85.7 parágrafo segundo da Lei 9/2002, de 30 de decembro, que de apreciarse a omisión ou a defectuosa celebración dalgún trámite, ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación ou do proxecto, requirirá a corrección das deficiencias observadas, fixando prazo ao efecto. Até o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva nin procederá resolver sobre esta.

M. Completado o expediente, o Conselleiro adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

a) Aprobar definitivamente o Plan. A aprobación poderá ser parcial cando as deficiencias só afecten a áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso até que o Concello emende as deficiencias e remita o documento corrixido á Consellería para a súa aprobación definitiva.
b) Se non procede outorgar a aprobación definitiva, o órgano competente sinalará as deficiencias e subseguintes modificacións que procede introducir, ao obxecto de que, unha vez corrixidas e aprobadas polo Concello, sexa elevado de novo o documento para a súa aprobación definitiva, salvo que quedase relevado de facelo pola escasa importancia das modificacións.
c) Denegar a aprobación definitiva no suposto de que o Plan en tramitación se estime inviable porque as deficiencias constatadas non sexan susceptibles de emenda.

Advirte o artigo 85.8 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, que no caso de que pretenda introducirse, no momento da aprobación provisional polo pleno municipal, modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordo do pleno municipal e da remisión da documentación oportuna á Consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva.

N. Para resolver sobre a aprobación definitiva, a Consellería competente en materia de Urbanismo e Ordenación do Territorio analizará:

a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o Plan.
b) A conformidade do Plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.
c) A coherencia do Plan coas directrices de ordenación do territorio e os demais instrumentos previstos na Lei 10/1995, de Ordenación do Territorio de Galicia, así como coas normas técnicas de planeamento.
d) A incidencia do Plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sostible e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

**Ñ.** O Plan xeral entenderase aprobado definitivamente transcorridos tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución, sempre que o Plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.

Os instrumentos de plan son disposicións de carácter xeral, polo que a súa aprobación definitiva non poderá recorrerse en vía administrativa, senón tan só a través do correspondente recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na Lexislación aplicable.

**O.** A Consellería publicará o Acordo de aprobación definitiva no prazo dun mes desde a súa adopción no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo publicarase o documento que conteña a Normativa e as Ordenanzas, no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como establece o artigo 92.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan aprobado quedan condicionadas ao cumprimento desta publicación.

Na súa virtude, pola Secretaría e polos Servizos Técnicos Municipais infórmase favorablemente a tramitación do P.X.O.M. estimándose conforme o documento á lexislación vixente, sendo a calidade do mesmo correcta."

Acto seguinte dase conta do informe conxunto do Sr. Secretario e do Técnico Municipal de data 25 de febreiro de 2014, que seguidamente transcribe:

"

***APROBACIÓN INICIAL P.X.O.M.***

De conformidade co disposto no artigo 173.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais, á vista do acordado na Xunta de Voceiros do seguimento do Plan Xeral do día 21 de febreiro do 2014, emítese o seguinte informe complementario conxunto de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais ao de data nove de xullo do 2013

**INFORME**

**PRIMEIRO.-** Polo equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal presentouse o proxecto con data 18 de febreiro do 2014, incorporando cinco copias en formato dixital (pdf) aos efectos da súa tramitación de acordo co establecido no artigo 85.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia na redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes e modificación da devandita Lei 9/2002, expoñendo no escrito que nos próximos días se presentará unha copia en formato papel.

Examinado o contido e documentación, ponse de manifesto que se axusta ás disposicións da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e que o proxecto de Plan Xeral de Ordenación Municipal é conforme coa lexislación vixente, recollendo as consideracións reflectidas no informe previo á aprobación inicial emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 13 de setembro do 2013.

**SEGUNDO.-** Examinado o expediente administrativo, estímase que os trámites seguidos ata a data, así como o contido material e formal-documental do Proxecto, se axustan ás disposicións contidas no artigo 61 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e ás consideracións do informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo por canto :

- Os Solos Urbanizables "SU" pasan de cinco a tres (dous delimitados –SUD- e un non delimitado –SUND-) : Ares; estrada mugardos-Chanteiro, industrial e Redes.
- Solo Urbano : Se reaxusta seguindo as indicacións do informe da SXOTU, procedéndose a zonificación da ordenanza de Solo Urbano, reducindo alturas e ampliase o ámbito da Ordenanza do Casco Antigo (ata as Escolas do Lago).
- Creánse tres novos ámbitos de Solo Urbano non consolidado "SUNC" : 5-7 e 8 (Polígono rotonda entrada norde, Avda. Mazote e Leste de Granxares.
- Sistemas Xerais en Solo Urbano : Transfórmase un Sistema Xeral Viario "SXV" colindante co campo de fútbol a Sistema Xeral de Equipamentos Deportivos "SXED" e xérase un novo Sistema Xeral Viario nas inmediacións do campo de fútbol.
- Contemplanse tres distritos : Ares, Redes e Pombal
- Solo Urbano de Redes : Modificouse a Ordenanza para darlle singularidade á mesma e mantéñense as alturas. Tamén en Redes amplíase o Sistema Xeral Viario adicado a aparcamento, reaxustándose o Solo Urbanizable.
- Suprímose na Ordenanza 7 do Solo Urbano de Ares o uso residencial.
- Antigo PNC-15 do PXOM de 1997 : Mantense a zona verde coa mesma ordenación contida na Ordenanza 4 , Bloques abertos e altura de b+2.
- Núcleos rurais : Se reaxusta a delimitación e establecénse aliñacións que non figuran no anterior documento, delimitándose tres áreas de desenrolo urbanístico : Dúas en Cervás e unha en Chanteiro ós efectos da mellora viaria e obtención de dotacións.
- Núcleo rural de Chanteiro-praia : Redúcese notablemente para adaptalo ás determinacións do POL (área de recualificación).
- Recóllese como Sistema Xeral o novo Cemiterio en Roga da Fraga.
- Adaptáse o PXOM á proposta da nova Rede Natura-2000, cun incremento moi notable da mesma.
- Introdúcese un novo Sistema Xeral Viario : variante enlace estrada a Franza coa estrada de Mugardos e Chanteiro (Plan MOVE Xunta de Galicia-Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratóxica

- Increméntase protección paisaxística para recoller as concas de protección paisaxística.
- Redúcese o Solo Rústico de Protección Ordinaria "SRPO" pasando parte do mesmo Solo Rústico de protección agropecuaria e Solo Rústico de protección forestal.
- Catálogo : Incorporánse as áreas de cautela nos elementos catalogados.

TERCEIRO.- Carácter reglado solo urbano.

O Tribunal Supremo (Sentenza de 29 de maio de 1987) en reiterada xurisprudencia (Sentenzas de 28 de decembro de 1983, 29 de febreiro e 14 do marzo do 1984 e 27 de xaneiro de 1986) puxo de relevo o carácter reglado do solo urbano, o que constitúe un límite para a clasificación dos terreos como urbanizables -esta de carácter discrecional-. A clasificación dun terreo como solo urbano depende do feito físico da urbanización ou consolidación da edificación, de xeito que a Administración queda vinculada por unha realidade que ha de reflectir nas súas determinacións clasificatorias (Sentenzas de 27 de xaneiro e 22 e 30 de decembro de 1986 e 26 de xaneiro e 7 de febreiro de 1987).

Ilustrativo é o Fundamento Xurídico 5º da Sentenza do T.S. do 29 de marzo de 212, resumindo a doutrina do T.S. :

*"Esta Sala ha señalado reiteradamente que en la clasificación de un suelo como urbano la Administración no efectúa una potestad discrecional, sino reglada , pues ha de definirlo en función de la realidad de los hechos, de manera que, en base a la situación fáctica que ofrece la realidad en el momento de planificar, debe asignar el carácter de urbanos a todos aquellos terrenos en que concurran de hecho las circunstancias determinadas en la normativa urbanística... Se basa por tanto en la "fuerza normativa de lo fáctico", de tal manera que el planificador no puede clasificar como urbano el suelo que carezca de esos servicios urbanísticos, debiendo clasificarlo como tal en el caso de que los tenga. Pero siempre y cuando dichos servicios resulten de dimensiones adecuadas para los usos previstos en el planeamiento y la parcela en cuestión se integre dentro de la "malla urbana" de la ciudad".*

Nesta materia a teoría da carga da proba (artigo 1.214 do Código Civil) ha de ser matizada, en aplicación do principio de boa fe na súa vertente procesual, co criterio da "facilidade" : existen datos (as características dos servizos urbanos) cuxa proba resulta fácil para unha parte (a Administración) e difícil para a outra (o administrado), polo que, probada polo administrado a existencia dos devanditos servizos, con evidente aparencia de seriedade, a Administración terá que acreditar a insuficiencia dos mesmos para manter a clasificación de solo rústico común.

CUARTO : Constan no expediente os seguintes informes sectoriais :

- Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en materia de costas de data 19-09-13.
- Deputación Provincial de A Coruña : Informe sectorial aprobado pola Xunta de Goberno o 14-08-13.
- Secretaría de Estado de Medio Ambiente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar de data 17-09-13.
- Axencia Galega de Infraestructuras da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 31 de outubro do 2013.
- Secretaría de Estado de Infraestructuras, Transporte e Vivenda-Dirección Xeral de Aviación Civil de 7-10-13.
- Consellería do Medio Rural e do Mar-Xefatura Territorial da Coruña, Distrito Forestal I, de 2-10-13.

QUINTO.- Conforme ao artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de ordenación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de plan cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente; para estes efectos, determinará expresamente as áreas afectadas pola suspensión. A suspensión determinada pola aprobación inicial terá unha duración máxima de dous anos a contar da devandita aprobación e en calquera caso se extinguirá coa aprobación definitiva do plan.

SEXTO.- O Concello procederá a continuación á súa aprobación inicial e, o plan aprobado con todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o informe de sostibilidade ambiental, será sometido simultáneamente ás consultas previstas no documento de referencia e ao trámite de información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia. Simultáneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Non será necesaria a notificación do trámite de información pública ás persoas propietarias de terreos afectados. Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a administración municipal deberá solicitar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que haberán de ser emitidos no prazo máximo dun mes, salvo que a lexislación sectorial sinale outro prazo. De acordo co determinado polo equipo redactor do PXOM, os organismos afectados por razón das súas competencias sectoriais serán os que o mesmo sinale.

SÉTIMO.- O Concello, unha vez transcorrido o período de consultas e información pública, e con carácter previo á aprobación provisional ou á definitiva cando aquela non sexa preceptiva, enviará ao órgano ambiental a documentación completa do plan que tome en consideración o informe de sostibilidade ambiental, as alegacións e os informes presentados no período de consultas, así como unha proposta de memoria ambiental de conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio. Deberá tamén enviar os informes sectoriais e un informe sobre o proceso de participación pública. O órgano ambiental no prazo de dous meses dende a recepción da documentación completa elaborará a memoria ambiental ao obxecto de valorar a integración dos aspectos ambientais na proposta do plan, na que se analizarán o proceso de avaliación, o informe de sostibilidade ambiental e a súa calidade, avaliarase o resultado das consultas realizadas e como foron tomadas en consideración e se analizará a previsión dos impactos significativos da aplicación do plan. A memoria

O Presuposto xeral do Concello de Ares para o ano 2.014 como en anos anteriores presentase consolidado e, o contido do presuposto da Entidade, correspondente ó mencionado exercicio 2.014 ó, en síntesis o seguinte:

Para a súa redacción tivose en conta dun lado a Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do estado para o ano 2014.

Os orzamentos contidos na Lei 22/2013 son os segundos que se elaboran e aproban desde a aprobación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira que veu a desenrolar o mandato contido no artigo 135 da Constitución española reformada o 27 de setembro do 2011, garantindo unha adaptación continua e automática á nomativa europea.

Respecto á prantilla de persoal, a mesma continua no marco das restriccións das sucesivas leis de orzamentos, en concreto para o exercicio 2014, a Lei 22/2013, do 23 de decembro, que pódese resumir en:

- As Retribución do persoal da entidade local non podarán experimentar ningún incremento

  respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013 (en termos de homoxeneidade), tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo - art 20.2 Lei 22/2013-. Tampouco poderán realizarse achegas a plans de emprego nin contratos de seguro colectivos que incúan a cobertura da continxencia de xubilación.

- Exceptúanse desta " conxelación salarial, as adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido do posto de trabado, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo - art. 20.7 Lei 2/2013-.
- En 2014, do mesmo xeito que en 2013, os empregados públicos percibirán as pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro.
- Respecto da OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO establécese que, ao longo de 2014 non se incorporará novo persoal no sector público -art. 21.1 Lei 22/2013-. En todo caso ao abeiro do párrafo 2, respectando, en todo caso, as disponibilidades orzamentarias do Capitulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida no apartado anterior non será de aplicación aos seguintes sectores e administracións nos que a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 10 por cento:

A) Ás Administracións Públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes. B) Ás Administracións Públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde. C) Ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a aquetas Comunidades Autónomas que conten con Corpos de Policía Autónoma propios no seu territorio, e no ámbito da Administración Local ás correspondentes ao persoal da Policía Local, en relación coa cobertura das correspondentes prazas.

No suposto das prazas correspondentes ao persoal da policía local, poderase alcanzar o cento por cento da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de Entidades locáis que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas locáis ou, no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento. Ademáis deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior como no orzamento vixente. En relación con este último, os respectivos Plenos das Entidades locáis deberán aprobar un plan económico financeiro no que se inclúa a medida á que se refire a presente norma e pónase de manifestó que, igualmente, dase cumprimento ao citado principio de estabilidade orzamentaria. O indicado no presente parágrafo deberá ser acreditado pola correspondente Entidade local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas.

- Tampouco se contratará persoal temporal, nin se nomeará persoal estatutario temporal ou funcionarios interinos, salvo en casos excepcional e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables -art 21.2 Lei 22/2013-.

- Prantilla de persoal 2014 : A prantilla de persoal non poderá ser aumentada en número de efectivos, ao non estar permitida a incorporación de novo persoal (salvo excepcións estipuladas no apartado 2 do art. 21 Lei 22/2013). Neste senso á praza de tesoureiro/a (grupo C-1), queda adscrita a funcionaria que ven desempeñando ditas tareas (grupo C-1), sen prexuizo de que en virtude de reorganizacións futuras (Vg. RPT, etc.) poida ser reconsiderada dita adscripción.

Cabe destacar a implantación das medidas contidas no Plan de Axuste aprobado na sesión Plenaria do día 28 de marzo do 2012 (BOP núm. 209 do 2-11-12), así como a adxudicación da xestión do servicio de bombeos da EDAR Ares-Fene-Mugardos por importe de 433.741,27 euros polo prazo de dous anos na sesión plenaria do 28-11-13.

Fixose unha adecuación da reducción do gasto ao Plan de Axuste.

A maiores é de destacar a aprobación para a súa aplicación do IPC (0,3%) na sesión plenaria do día 31-10-13 (BOP n°. 243, do 23-12-13), así como a incorporación ao IBI, Imposto sobre bens inmobles de unidades que non se atopaban tributando, habendo asumido o coste económico na súa maior parte a Xerencia do Catastro de A Coruña. Tamén realizáronse trabados de comprobación/depuración do padrón do lixo.

**ESTADO DE INGRESOS.-**

Nos ingresos, tivose en conta básicamente o continuo incremento que ven sufrindo dende o ano 1998 o Imposto sobre Bens Inmobles de natureza urbana e a participación no Fondo Nacional de Cooperación, consecuencia da actualización do tipo impositivo xa recomendado en anos pasados pola FEGAMP ós efectos de conseguir unha autosuficencia financiera e polas sucesivas actualizacións e ponencias complementarias catastrales, se ben en concreto para o ano 2014 a PTE redúcese pola disminución de población, que esperase volva no presente ano á tónica de incremento.

Tamén é de suliñar a previsión da dotación da participación deste Concello no Fondo de Cooperación Local para o ano 2014 nos termos da Lei 11/2013 do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014

Recódense os créditos derivados da asunción pola Corporación mediante xestión directa do servicio de abastecemento de auga e rede de sumidoiros.

**ESTADO DE GASTOS.-**

No estado de gastos, en relación as gastos de persoal, se consignan os créditos para atende-las retribucións do persoal ó servicio do Concello, seguindo de acordó coas previsións do Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, de Medidas Urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financiera para a corrección do déficit público e da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de

Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2014, sen experimentar incremento algún respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2013, en términos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüedade do mesmo.

Respecto ás operacións de capital, dotáronse as partidas necesarias para executa-las obras e servicios previstos para o ano 2014, figuran as seguintes obras e que de forma sucinta son:

POS-2014:

A) Realización de obras e subministracións:

| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|---|---|---|
| Dotación de rede de abastecemento de auga potable a Malata, Chao do Monte, Ixobre e Palizo | 110371 | ------------ | 110371 |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS | 110371 | ------------ | 110371 |

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

| | Deputación |
|---|---|
| Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes | 26003,63 |
| Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda | |

| | |
|---|---|
| SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA | 26003,63 |

C) Resumo:

| Denominación da obra | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|---|---|---|
| SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS | 110371 | | 110371 |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA | 26003,63 | | 26003,63 |
| TOTAL | 136374,63 | | 136374,63 |

Plan Complementario POS-2014 :

| Denominación da obra ou subministración | Presuposto |
|---|---|
| Ampliación da rede de abastecemento en Lubre | 37710,88 |
| | |
| TOTAIS | |

**Respecto ós demáis investimentos, figuran relacionados no plan de inversións.**

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Finalmente destacar que unha vez introducidas as correccións derivadas do Informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitido previo á aprobación inicial do P.X.O.M. de data 13-09-13, o mesmo vai ser obxecto de aprobación inicial polo Pleno do Concello"

**Acto seguinte dase conta do Informe de Secretario Intervención de Estabilidade Orzamentaria para o Orzamento 2014 que seguidamente se transcribe:**

**INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA O ORZAMENTO 2014.**

**Islación aplicable :**

- **Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico e P.A C. das Administracións Públicas.**
- **Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.**
- **Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.**
- **Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis.**
- **Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.**
- **Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera.**
- **Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.**
- **Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locáis.**

**imeiro.- Aplicación da estabilidade orzamentaria ás entidades locáis.**

**nforme sinala a Lei Orgánica 2/2012reguladora e o regulamento de estabilidade .amentaría :**

**ticulo 3. Principio de estabilidad presupuestaria.**

***La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones e afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito aplicación de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, herente con la normativa europea.***

***Se entenderá por estabilidad presupuestaria de las Administraciones Públicas la uación de equilibrio o superávit estructural.***

Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tel. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

polo tanto de aplicación o principio de estabilidade orzamentaria na elaboración, robacion e liquidación dos orzamentos do Concello, polo que estando xa en vigor a ada norma, debe seguirse a regulación sinalada ñas citadas normas para a elaboración i orzamento para o exercicio 2013.

igundo.- Obxetivo de estabilidade orzamentaria.

i canto ao dato da estabilidade orzamentaria derivado da liquidación do exercicio )12, último liquidado, sinalábase no *informe* específico de data 30-03-2013 :

**LIQUIDACIÓN PRESPUESTO 2012.**

**EVALUACIÓN DEL CUMPLIMIENTO DEL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESPUESTARIA 2012.**

| CAPITULO | LIQUIDACIÓN 2012 | VALOR |
|---|---|---|
| 1 | Impuestos directos | 1.282.130 |
| 2 | Impuestos Indirectos | 110.885 |
| 3 | Taxas y otros ingresos | 824.489 |
| 4 | Transferencias corrientes | 1.888.408 |
| 5 | Ingresos Patrimoniales | 103.308 |
| 6 | Enajenación de inversiones | 0 |
| 7 | Transferencias de capital | 228.784 |
| | TOTAL INGRESOS I-VII | 4.326.782 |
| 1 | GASTOS DE PERSONAL | 1.520.225 |
| 2 | COMPRA DE BIENES Y SERVICIOS | 2.581.178 |
| 3 | GASTOS FINANCIEROS | 100.738 |
| 4 | TRANSFERENCIAS CORRIENTES | 112.582 |
| 6 | INVERSIONES REALES | 777.458 |

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tel. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

| | | |
|---|---|---|
| 7 | TRANSFERENCIAS CAPITAL | 0 |
| | B TOTAL GASTOS I.VII<br>ESTABILIDAD PRESUPUESTARI (+) NO ESTABIIDAD(-) | -775.409 |
| | AJUSTE 1: Reg. Contabilidad Nacional Impuestos | -44825 |
| | AJUSTE 2: Reg. Contabilidad Nacional Interese | 610.003 |
| | ESTABILIDAD (+) NO ESTABILIDAD (-) AJUSTADA | -209.691 |
| | % ESTABABILIDAD (+) /NO ESTABILIDAD (-) AJUSTADA | -4.85% |

Seguidamente dase conta do Informe Económico Financieiro elaborado polo Sr. Secretario-Interventor que seguidamente se transcribe:

## ***INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO***

## ***ORZAMENTO 2014***

D. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares (A Coruña),

En virtude do disposto no artigo 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e no artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, en Materia Orzamentaria, emito o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 162 ao 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Os artigos 22.2 e) e o artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos do 2 ao 23 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.
- A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.
- Os artigos 3 e 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se Aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria.
- Os artigos 4.1, 15 e 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se Aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- O artigo 4.1 h) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- As Regras 107 e seguintes da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 · E

- O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.
- O Real Decreto-Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financiera para a corrección do déficit público.

SEGUNDO. O Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2014 formado polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello, está integrado polo Orzamento único da Entidade Local.

TERCEIRO. Ascende o Orzamento do exercicio 2014 á cantidade de 5.676.812,42 euros no Estado de Gastos e de 5.676.812,42 euros no Estado de Ingresos, non presentando en consecuencia déficit inicial.

CUARTO. De conformidade co disposto no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo -TRLRFL-, o Orzamento Xeral da Entidade Local constitúe a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local correspondente.

Engade o artigo 163 que o exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a él imputaranse os dereitos liquidados no exercicio, calquera que sexa o período do que deriven, e as obrigas recoñecidas durante o exercicio.

QUINTO.- O Orzamento Xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

SEXTO.- O artigo 164 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo -TRLRFL-, determina que o Orzamento Xeral está integrado polo Orzamento da propia Entidade, os dos seus Organismos Autónomos e os estados de previsión de gastos e ingresos das Sociedades Mercantís cuxo capital social pertenza integramente á Entidade Local. De conformidade co previsto no artigo 166 ao Orzamento Xeral uniranse como anexos:

1. Os plans e programas de investimento e financiamento que, para un prazo de catro anos, poderán formular os municipios e demais entidades locais de ámbito supramunicipal.
2. Os programas anuais de actuación, investimentos e financiamento das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou partícipe maioritario a Entidade Local.
3. O estado de consolidación do Orzamento da propia Entidade co de todos os Orzamentos e estados de previsión dos seus Organismos Autónomos e Sociedades Mercantís.
4. O estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou de endebedamento pendentes de reembolso ao principio do exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo do exercicio e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio.

O plan de investimentos que deberá coordinarse, no seu caso, co programa de actuación e plans de etapas de plan urbanístico, completarase co programa financeiro, que conterá:

1. O investimento previsto a realizar en cada un do catro exercicios.
2. Os ingresos por subvencións, contribucións especiais, cargas de urbanización, recursos patrimoniais e outros ingresos de capital que se prevexan obter nos devanditos exercicios, así como unha proxección do resto dos ingresos previstos no citado período.
3. As operacións de crédito que resulten necesarias para completar o financiamento, con indicación dos custos que vaian xerar.

Dos plans e programas de investimento e financiamento darase conta, no seu caso, ao Pleno da Corporación coincidindo coa aprobación do orzamento, debendo ser obxecto de revisión anual, engadindo un novo exercicio ás súas previsións.

SÉTIMO.- O artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais prevé que cada un dos Orzamentos que integran o Orzamento Xeral conterá:

- Os estados de gastos, nos que se incluirán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

- As Bases de Execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia Entidade, así como aqueloutras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o Orzamento.

OITAVO.- O contido das Bases de Execución do Orzamento regúlase no artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, establecendo que estas poderán remitirse aos Regulamentos ou normas de carácter xeral ditadas polo Pleno, e que conterán, entre outras materias:

- Os niveis de vinculación xurídica dos créditos.
- A relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliables, con detalle dos recursos afectados.
- A regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas.
- A tramitación dos expedientes de ampliación e xeración de créditos, así como de incorporación de remanentes de créditos.
- As normas que regulen o procedemento de execución do Orzamento.
- As desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

- Os documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga.
- A forma en que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais coa Entidade Local e xustificar a aplicación de fondos recibidos.
- Os supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo.
- As normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de Caixa fixa.
- A regulación dos compromisos de gastos plurianuais.

NOVENO.- Os estados de ingresos dos Orzamentos confeccionaranse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

DÉCIMO.- Do mesmo xeito, os estados de gastos ateranse ao disposto no citado artigo 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

A aplicación orzamentaria virá definida, polo menos, pola conxunción das clasificacións por programas e económica, a nivel de grupos de programas e concepto, respectivamente. No caso de que a entidade local opte por utilizar a clasificación orgánica, a aplicación orzamentaria virá definida pola conxunción das clasificacións orgánica, por programas e económica.

UNDÉCIMO.- Os artigos 168 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regulan o procedemento de aprobación dos Orzamentos, establecendo que:

1º.- O Orzamento da Entidade Local será formado pola Alcaldía e a el haberá de unirse a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.
- Liquidación do Orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, ao seis primeiros meses do exercicio corrente.
- Anexo de persoal da Entidade Local.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio. De conformidade co previsto no artigo 19 do Real Decreto 500/1990 recollerá a totalidade dos proxectos de investimento que se prevexan realizar no exercicio e deberá especificar para cada un dos proxectos: código de identificación, denominación de proxecto, ano de inicio e ano de finalización previstos, importe da anualidade, tipo de financiamento determinando se se financia con recursos xerais ou con ingresos afectados, vinculación dos créditos asignados, e órgano encargado da súa xestión.
- Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.



- Un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus Organismos e Entidades dependentes. O informe emitirase con carácter independente ao previsto no apartado anterior, en virtude do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

2º.- Sobre a base dos Orzamentos do Concello e dos Organismos Autónomos e dos estados de previsión das Sociedades Mercantís, a Alcaldía formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados nos artigos 166.1 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao Pleno antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

A competencia plenaria para a aprobación do Orzamento fundaméntase ademais no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con concordancia co artigo 64.2.F) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 2.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

3º.- Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O Orzamento considerarase

definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A estes efectos teñen a condición de interesados os habitantes do termo municipal, e quen resulten directamente afectados, aínda que non habiten nese territorio; ademais os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

Poderán presentar reclamacións contra o Orzamento, unicamente: por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, ou por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

4º.- A aprobación definitiva do Orzamento Xeral haberá de realizarse, polo Pleno antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.

5º.- O resumo por capítulos do Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será publicado no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se inserirá o Orzamento no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese.

6º.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

7º.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no apartado 5º anterior.

8º.- Se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, e 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e até a entrada en vigor do novo Orzamento. A prórroga non afectará os créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

**DUODÉCIMO.-** Copia do Orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio (art. 169.7 TRLRFL).

**DECIMO TERCEIRO.-** Con carácter previo a calquera acordo plenario, o expediente deberá someterse a estudo pola Comisión Informativa de Facenda, por así esixilo, entre outros, os arts. 20.1-c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82, entre outros, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**DÉCIMO CUARTO.-** Contra a aprobación definitiva do Orzamento só poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 48 e 107.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das

Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno (art. 171.1 TRLRFL).

A interposición do recurso non suspenderá, por si soa, a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado (art. 171.3 TRLRFL).

A aprobación definitiva debería haberse efectuado antes do 31 de decembro de 2013 tal e como indica o artigo 169.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril

DÉCIMO QUINTO. A base fundamental para a elaboración do orzamento veñen sendo as

normas contidas nos Proxectos de Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Este ano as Cortes Xerais aprobaron a Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que significan unhas contas austeras que profundizan no proceso de saneamento da economía española.

Tratáse dos segundos Orzamentos que se elaboran desde a aprobación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira que veu desenrolar o mandato contenido no art. 135 da Constitución española reformada o 27 de setembro de 2011, e deu cumprimento ao tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria de 2 de marzo de 2012, garantindo unha adaptación continua e automática á normativa europea.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 · E

Trátase duns orzamentos, que tal dispón a súa Exposición de Motivos, buscan profundizar na redución do gasto público dentro dun contexto de consolidación fiscal, de acordo coas orientacións e recomendacións establecidas pola Unión Europea.

Mantéñense os obxectivos fixados no Acordo do Consello de Ministros en materia de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o periodo 2014-2016:

• O obxectivo de déficit para o conxunto das Administracións Públicas no 5,8 % do PIB, desagregándose do seguinte modo: o Estado terá un déficit do 3,7 %; a Seguridade Social do 1,1 %; as Comunidades Autónomas do 1 %; mentres que as Corporacións Locais cerrarán o próximo ano con déficit cero.

• O obxectivo de débeda pública queda fixado para a Administración Central nun 72,8 % do PIB en 2014.

• O límite de gasto non financeiro do Estado fíxase en 133.259 millóns de euros, o que supón un incremento do 2,7 por cento respecto ao do 2014.

Para confeccionar o orzamento para o exercicio 2013 se utiliza a estructura presupostaria, aprobada pola Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estructura dos orzamentos das entidades Locais.

Cumpre significar o acordo da Comisión nacional de Administración Local adoptado o día 25 de xaneiro de 2012, adquirindo o compromiso coa estabilidade das finanzas do conxunto das Administracións Públicas e o seu apoio ás liñas maestras da nova Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira das Administracións Públicas, como xa fixeran as comunidades autónomas no Consello de Política Fiscal e Financiera, celebrado o pasado 17 de xaneiro de 2013.

Así as entidades locais manifestaron o firme compromiso de que, ao finalizar o período transitorio que se estableza na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, o conxunto das Administracións Públicas, deberá presentar equilibrio ou superávit. O límite da débeda non poderá superar o 60 % do PIB para o conxunto das Administracións Públicas, debendo as entidades locais presentar equilibrio orzamentario, considerando adecuada a incorporación, na normativa de estabilidade, dun teito de gasto e unha regla sobre a evolución do gasto das entidades locais, así como a incorporación da normativa comunitaria de sancións por posible incumpriento dos obxectivos de estabilidade, que atenderán ao principio de gradualidade en función da reiteración ou magnitude da desviación.

O Concello de Ares, no que se refire ao exercicio 2014, deberá elaborar o orzamento, tendo en conta que os ingresos derivados do sistema de financiación e o resto de recursos das entidades locais veránse condicionados polo escenario económico de recesión, estando en relación ao endebedamento, ao que dispoña o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, no seu caso, á Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

En materia de servizos públicos, o Concello de Ares deberá emprender as actuacións que sexan necesarias para a mellora da eficiencia na súa prestación, de maneira que se eviten duplicidades na actuación das Administracións Públicas, e levará a cabo os compromisos que se adopten en materia de reordenación e racionalización do sector público local.

É de significar a necesidade de cumprir estrictamente o Plan de Axuste a que está sometido este Concello; Plan de Axuste aprobado polo Pleno do Concello na sesión do día 28 de marzo do 2012 e valorado favorablemente pola Secretaría Xeral de Coordinación



Autónomica e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 30 de abril do 2012, no marco das medidas previstas no Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós proveedores das entidades locais.

O Plan de axuste aprobado, estenderase durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento do art. 10 do Real Decreto-Lei 4/2012, debendo os orzamentos xerais anuais que se aproben durante o mesmo, ser consistentes co mencionado plan de axuste.

Insístese por esta Secretaría-Intervención no marco dun escenario de recesión, a necesidade de acompañar o Plan de Axuste dunha forte disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/reducción do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha reducción dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, redimensionando a estructura de personal ao servizo da Entidade e reordenando os órganos colexiados.

**DÉCIMO SEXTO.- Respecto dos GASTOS DE PERSOAL.**

- As RETRIBUCIÓNS do persoal da entidade local NON poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013 (en termos de homoxeneidade), tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo – art. 20.2 Lei 22/2013-. Tampouco poderán realizarse achegas a plans de emprego nin contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

- Exceptúanse desta "conxelación salarial", as adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido do posto de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo – art. 20.7 Lei 2/2013-.
- En 2014, do mesmo xeito que en 2013, os empregados públicos percibirán as pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro.
- Respecto da OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO establécese que, ao longo de 2014 NON se incorporará novo persoal no sector público -art. 21.1 Lei 22/2013-. En todo caso ao abeiro do párrafo 2, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida no apartado anterior non será de aplicación aos seguintes sectores e administracións nos que a taxa de reposición fixarase ata un máximo do 10 por cento:

A) Ás Administracións Públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes. B) Ás Administracións Públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de hospitais e centros de saúde do Sistema Nacional de Saúde. C) Ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, a aquelas Comunidades Autónomas que conten con Corpos de Policía Autónoma propios no seu territorio, e no ámbito da Administración Local ás correspondentes ao persoal da Policía Local, en relación coa cobertura das correspondentes prazas.

No suposto das prazas correspondentes ao persoal de policía local, poderase alcanzar o cento por cento da taxa de reposición de efectivos sempre que se trate de Entidades locais que cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas locais ou,

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 · E

no seu caso, as Leis de Orzamentos Xerais do Estado, en materia de autorización de operacións de endebedamento. Ademais deberán cumprir o principio de estabilidade ao que se refire o artigo 11.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira tanto na liquidación do orzamento do exercicio inmediato anterior como no orzamento vixente. En relación con este último, os respectivos Plenos das Entidades locais deberán aprobar un plan económico financeiro no que se inclúa a medida á que se refire a presente norma e póñase de manifesto que, igualmente, dáse cumprimento ao citado principio de estabilidade orzamentaria. O indicado no presente parágrafo deberá ser acreditado pola correspondente Entidade local ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, previamente á aprobación da convocatoria de prazas.

- Tampouco se contratará persoal temporal, nin se nomeará persoal estatutario temporal ou funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables -art. 21.2 Lei 22/2013-.
- Incidencia PRÁCTICA: Capítulo I. Gastos de Persoal do Orzamento de Ingresos 2014 : Con carácter xeral, o importe que se destine a gastos de persoal no Orzamento 2014 non experimentará ningún incremento, en termos de homoxenaidade, respecto ao destinado en 2013.
- Prantilla de persoal 2014 : A prantilla de persoal non poderá ser aumentada en número de efectivos, ao non estar permitida a incorporación de novo persoal (salvo excepcións estipuladas no apartado 2 do art. 21 Lei 22/2013).
- Anexo de Persoal Orzamento 2014 : Neste anexo do Orzamento relaciónanse e valoran os postos de traballo existentes na entidade local, deberá elaborarse tendo en conta as limitacións establecidas na Lei 22/2013, respecto de retribucións e oferta

pública de emprego, para que exista unha adecuada correlación cos créditos para persoal incluídos no orzamento.

- Relación de Postos de Traballo 2014 : A relación de postos de traballo que se aprobe para o exercicio 2014 deberá respectar os límites establecidos na Lei 22/2013, no relativo aos sistemas de provisión e as retribucións complementarias recollidas na mesma.

As cantidades correspondentes ás retribucións de cargos electivos, mantéñense "conxeladas" nas mesmas contías ca nos exercicios do 2012 e 2013, sen incrementos. Para atender ás adicacións exclusivas e parcial dos membros da Corporación, órzase o mesmo importe que o ano 2013. Convén destacar que a súa percepción é incompatible coa de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que forma parte, segundo a redacción que a Lei 14/2000 lle dá á Lei 7/1985. Os importes das axudas de custo dos membros da Corporación, dos gastos de locomoción, das asignacións por asistencias dos membros da Corporación e demais indemnizacións tamén se manteñen "conxeladas" ou se axustaron ao Plan de Axuste, sen incrementos, e quedan fixadas nas contías que se establecen nas Bases de Execución deste orzamento.

No orzamento dáse cumprimento ao artigo 104.bis da Lei 7/1985, introducido pola Lei 27/2013 nos termos da Disposición Transitoria Décima da citada Le 27/2013.

Os capítulos terceiro e noveno da clasificación económica dótanse coas cantidades necesarias para atender o pagamento de intereses e amortizacións previstos para a débeda desta Corporación durante o exercicio incluída a nova operación de préstamo suscrita ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tel. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 · E

información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós proveedores das entidades locais.

En materia de ingresos e particularmente respecto dos recursos ordinarios (capítulos primeiro a quinto), consignanse todos aqueles que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé realizar durante o exercicio. Para isto, tomáronse como base os padróns fiscais do exercicio anterior e a recadación obtida nel polos distintos conceptos de ingresos, as ordenanzas en vigor, as subvencións xa concedidas ou recibidas ou ben que está previsto ou é habitual recibir e mais a restante información da que se dispón. A maior parte das modificacións son o resultado de aplicarlles aos dereitos liquidados en exercicios anteriores, as porcentaxes de aumento previstas polas distintas disposicións así coma os previsibles aumentos das correspondentes bases impoñibles, sen prexuízo da utilización dos datos concretos que xa se coñecen.

É de destacar en relación aos ingresos a adopción das medidas previstas no Plan de Axuste (Pleno do 28-03-12, BOP núm. 209, do 2-11-12), así como medidas adoptadas no marco de solventar a difícil situación económica do Concello, cunha difícil situación de tesourería que unidas a medidas de saneamento introducidas co devandito Plan de Axuste, seguirá mellorando a situación económica e financeira do Concello no presente exercicio económico, coa actualización das Ordenanas fiscais coa aplicación para o ano 2014 do IPC, ou ben a revisión para a incorporación no catastro dos inmobles que non se atopan tributando, habendose feito cargo a Xerencia Rexional do Catastro de A Coruña da incorporación de 280 unidades ao padrón do IBI e o Concello de Ares de 189 unidades ou inmobles, incorporación que por causas alleas a esta Corporación non foi efectuada pola Xerencia Rexional do Catastro no exercizo 2013, así como unha revisión de contribuintes que non tributan pola taxa fiscal da

recolida do lixo, onde hai unha importante bolsa de fraude, se ben dotáse o incremento anunciado por SOGAMA.

Respecto das Entregas a conta PTE 2014 : As entregas a conta que recibirá a entidade local en 2014 disminúen un 4,7 % respecto das recibidas en 2013. Ademáis inflúe a inversión da tónica de incremento da poboación, que do ano 2013 : 5.839 habitantes, pasa en 2014 a : 5.801 habitantes (Cifras referidas a 01-01-12 e 01-01-13 respectivamente).

En 2014, a partida correspondente a entregas a conta ascende a 14.916,65 millóns de euros, un 3,5 % menos que as recibidas en 2013, que se situaron en 15.462,08 millóns de euros.

Esta diminución pode verse compensada polo saldo positivo resultante do que percibirán pola liquidación de 2012, algo máis de 750 millóns, e o que terán que devolver polos saldos negativos de 2008 e 2009, uns 664 millóns (saldos non recolleitos orzamentariamente).

En termos globais, as entidades locais recibirán en 2014 16.483,79 millóns de euros, fronte aos 15.932,44 millóns de 2013.

Incidencia PRÁCTICA: Capítulo IV. Transferencias Correntes do Orzamento de Ingresos 2014 : A entidade recollerá neste capítulo o ingreso procedente das entregas a conta do PTE, tendo en conta que serán menores, nun 4,7 %, respecto de 2013.

Respecto dos reintegros de saldos debedores PTE 2008 e 2009 : Con carácter xeral, modificouse en 2012 o procedemento de reintegro dos saldos a cargo das Entidades Locais, resultantes das liquidacións definitivas dos exercicios 2008 e 2009, ampliándose de 60 a 120 mensualidades o período de reintegro aplicable.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

En 2014, mantense esta estrutura de reintegro das devolucións negativas PIE 2008 e 2009.

Lembrar que: o reintegro do PIE 2008 e 2009 en 120 mensualidades, manterase sempre que a entidade achegue a liquidación dos seus orzamentos xerais do exercicio inmediato anterior e a do anterior a este, e presenten capacidade de financiamento de acordo co SEC-95.

En caso de incumprimento destas normas volveráselles a aplicar o período de reintegro de 60 mensualidades.

Como no ano 2013, prevése o reintegro derivado da liquidación definitiva negativa da participación nos Tributos do Estado do exercicio 2008, e coa finalidade de suavizar o impacto financeiro que podería ter dito reintegro a favor da Facenda do Estado, si ben inicialmente a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010, no seu artigo 91, preveía o seu aprazamento ata xaneiro de 2011, a Lei 39/2010, de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2011, estableceu na disposición final decimocuarta o seu fraccionamento en sesenta mensualidades. En consecuencia síguese co reintegro mensual durante sesenta mensualidades de 1.569,38 €.

Incidencia PRÁCTICA: Capítulo IV. Transferencias correntes do Orzamento de Gastos 2014

**MANTENSE O LÍMITE AO ENDEBEDAMENTO** establecido para 2013 : A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (LPXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o LÍMITE AO ENDEBEDAMENTO local, debuxando tres posibles escenarios:

a) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

b) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

c) As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

No articulado da Lei 22/2013 NON se establece ningún cambio en relación cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª LPGE 2013, enténdese prorrogados os anteriores límites.

Incidencia PRÁCTICA: Anexo do Estado da Débeda 2014

Neste anexo do Orzamento descríbese o estado e movementos da débeda -pendente de reembolso e novas operacións previstas-, deberá elaborarse tendo en conta as limitacións ao endebedamento establecidas na DF 31ª LPXE 2013, respecto das novas operacións que se prevexan realizar ao longo de 2014 –que non se prevén- e do volume total de endebedamento ao peche do exercicio económico.

Capítulo IX. Pasivos Financeiros do Orzamento de Gastos 2014. Á hora de concertar novas operacións de endebedamento, a entidade local deberá cumprir os límites ao endebedamento (DF 31ª LPGE 2013)-non se preven-.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 · E

MEDIDAS ADICIONAIS : O Concello de Ares, para paliar a difícil situación económica, fai uso da facultade permitida pola Deputación Provincial de destinar parte dos fondos do POS-2014 (136.374,63 €.) ao financiamento de gastos correntes, destinando para dito fin a cantidade de 26.003,63, nos seguintes termos :

| Denominación da obra | Deputación | Concello | Presuposto total |
|---|---|---|---|
| SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS | 110371 | ——— | 110371 |
| SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA | 26003,63 | [redacted] | 26003,63 |
| TOTAL | 136374,63 | | 136374,63 |

Ciñéndonos estritamente aos xeitos que concimen de modo directo ás Corporacións Locais, colle destacar os que se citan a continuación en relación ás seguintes materias:

DÉCIMO SÉTIMO.- INTERESE LEGAL DO CARTO E DE DEMORA.

Para o exercicio 2014 a Disposición Adicional trixesima segunda da Lei 22/2013, de conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, de 29 de xuño, sobre modificación do tipo de interese legal do carto, este queda establecido no 4 por 100 ata o 31 de decembro do 2014, e o interese de demora a que se refire o artigo 26.6 dá Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, será do 5 por 100. Durante o mesmo período, o interés de demora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será do 5 por 100

DÉCIMO OITAVO.- En relación ó persoal do Concello, recepcionada a RPT redactada pola Deputación Provincial da Coruña, esta Secretaría unha vez máis como os anos 2010, 2011, 2012 e 2013, ven a significar a necesidade de rematar a Relación de Postos de Traballo e o Catálogo de Postos de Traballo actualmente encomendada a GALIVALIA, a cal como instrumento de ordenación da xestión de recursos humanos, e máis concretamente como expresión ordenada do conxunto de postos de traballo caracterizados por pertencer a unha mesma Unidade ou Dependencia da Administración, que deban ser desempeñados por funcionarios de carreira, por persoal eventual, indistintamente por uns ou outros, e por persoal laboral, coa detallada descrición das características e requisitos dos mesmos. A R.P.T.constitúe o principal instrumento organizativo da Entidade Local, pois se deseña o modelo organizacional a nivel de estrutura interna ordenando e clasificando o persoal en orde a asignación-realización concreta do traballo a desenrolar por cada persoa, adecuando os postos de traballo á responsabilidade, dedicación, preparación e titulación dos mesmos.

Mediante a R.P.T. racionalízase e ordena a función pública, e é un instrumento esencial da política xeral de persoal ó incluír na mesma a dimensión económica e orzamentaria.

Esta Secretaría unha vez máis perante as medidas adoptadas coa reducción e conxelación da masa salarial por imperativo do Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de marzo, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a reducción do déficit público e na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, a conxelación que efectúa o Real Decreto Lei 20/2011, e recollida na Lei 17/2012, ante a inviabilidade de tramitar a RPT nos termos elaborada e recepcionada, advirte da perentoria necesidade á vista da actual situación da deficente asignación dos recursos persoais e exceso de carga de traballo



nalgunhas áreas -co conseguinte retraso- de efectuar unha reorganización dos postos de traballo así como analizar a procedencia de regularizar postos de traballo á vista de si son estructurais ou non, en base ao art. 22.dous da Lei 39/2010.

Insístese como en anos anteriores no problema derivado das transcripcións literais das actas, coa carga que elo supón dada a transcripción literal das actas e enorme perda de tempo que elo supón para o funcionario encargado das mesmas (sesións dunha media de tres horas de duración), e o conseguinte retraso na súa redacción e remisión de acordos e certificados, sendo necesario plantexar unha aplicación da Lei de Enxuizamento Civil, no senso de redactar as actas na súa parte dispositiva, votacións e acompañala dun CD co audio asinado electrónicamente, moi extendido noutros Concellos, todo elo no marco da eficacia e optimización de recursos coa aplicación das TIC (tecnoloxías da Información e Comunicación) e en especial da Lei 11/2007, do 22 de xuño que fixa as refras xerais para a utilización das tecnoloxías da información na actividade administrativa. Elo suporía poder levar as actas ao día, tanto para a Corporación como perante a súa remisión á Administración do Estado e Xunta de Galicia. Tamén é de destacar a Orde do 15 de decembro do 2010, pola que se regula a remisión obligatoria de determinada documentación das entidades locais galegas á Xunta de Galicia e se suprime o formato papel nelas.

Tamén recoméndase efectuar unha revisión da periodicidade dos órganos Colexiados do Concello, dando lugar a veces a un excesivo número de convocatorias.

En anos anteriores (2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013) insisteuse na necesidade perentoria de cubri-la praza de interventor deste Concello para aliviar a carga dos servicios económicos e da Secretaría (semáns con tareas polas tardes e fins de semán) e que permita levar a cabo unha fluída e eficaz función interventora, así como rendición de contas e

transmisións ás distintas plataformas do MHAP, Xunta de Galicia, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de subministro de información. Transcurridos seis anos sen que se provistase regulamentariamente dita praza, este ano o funcionario que suscribe novamente advirte da urxente e inaplazable necesidade de cubrir dita praza en orde a unha correcta e eficaz xestión e fiscalización económica-financeira. Como xa se informou en anos anteriores, este Concello co orzamento que posúe supera a municipios limítrofes que cun orzamento inferior ou similar, dispoñen dun funcionario de habilitación con carácter nacional na función interventora (Neda-Cariño-Cedeira-Mugardos, etc.).

É de destacar o notable incremento de traballo na función interventora e tesorería consecuencia do Plan de Axuste en canto ao seu seguimento e información derivado do mesmo e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e da Orde HAP/2105/212, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na citada Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera, da lei Orgánica 9/2013, Lei 2/2013 e Lei 25/2013.

Dase por reproducido novamente o exposto sobre a planificación dos recursos humanos efectuado nos informes presupostarios dos anos 2009 e 2010.

**DÉCIMO NOVENO.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.-**

A estabilidade orzamentaria é obxeto de informe adicional realizado con data 23 de febreiro do 2014.

**VIXESIMO.- SITUACIÓN ECONÓMICA.**

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tel. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 · E

Nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998 pola que se autoriza a concertar unha operación de préstamo por importe de 21.383.216.- ptas., autorización solicitada ó abeiro do artigo 54.3 en relación co 50, parágrafo carto, apartados cinco e sete da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada pola Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, establece a prohibición para o Concello de non producir incrementos da débeda viva bancaria a longo prazo, en tanto en canto non se conquiran cifras de aforro neto positivo.

A liquidación (última) do orzamento do exercicio de 2012 foi aprobada por Resolución da Alcaldía de 27 de marzo de 2013, cunhos ingresos correntes liquidados ou devengados de 4.326.781,50 €.

Cando unha Administración Local decide acudir a un préstamo a longo prazo debe ter en conta os artigos 49 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, é dicir debe dispor de aforro neto Positivo e non superar o 110% dos recursos liquidados.

Así para a determinación do aforro neto e dos ingresos correntes a efectos de calcular o nivel de endebedamento, teráse en conta a liquidación do orzamento do exercicio 2013 ou anterior liquidado, e no seu caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados, coh suxección a aqueia norma e á de estabilidade orzamentaria. A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse tódalas operacións vixentes a 31 de decembro de 2013, incluido o risco deducido de avales e incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada ou proxectadas en 2014 se has houbese; operacións que non hai previstas.

De acordo co anterior, no exercicio económico 2014, as entidades locais e a súas entidades clasificadas no sector Administracións Públicas que liquiden o exercicio 2012 –no presente caso por non estar ultimada a liquidación do exercicio 203-, con aforro neto positivo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para a finaciación de inversións cando o volume total do capital vivo non exceda do 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados ou devengados, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

As entidades que non cumpran os requisitos anteriores non poderán concertar en 2014 operacións de crédito a longo prazo.

Para ese efecto nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998, por esta Secretaría-Intervención advírtese sobre o risco de manter a actual estrutura de ingresos e gastos correntes, se ben coas medidas adoptadas no orzamento dase un avance en correxir dita estrutura. Esta Secretaría-Intervención considera necesario unha vez máis como ven advirtindo en anos anteriores, vista a escasa recadación por ICIO, que se proceda a aplicar con rigor as taxas e prezos públicos e especialmente en relación ó ICIO mediante a oportuna comprobación administrativa, que modificará, no seu caso, a base impoñible provisional, practicando a correspondente liquidación definitiva tendo en conta o custo real e efectivo dá mesma, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Advírtese da necesidade de cumprir as medidas previstas no plan de Saneamento aprobado ó abeiro do Real Decreto-Lei 5/2009, apartado II PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO, por acordo Plenario de data 24-07.09, no marco do Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos, caso contrario esta



Corporación presentará un marco económico crítico ou de colapso, que fará imposible facer frente ás obrigas económicas adquiridas e futuras; situación que empezou a correxirse co cumprimento do mesmo e medidas adicionais de austeridade do gasto para recuperar un aforro neto de nivel cero ou positivo, fundamentalmente o Plan de Axuste aprobado ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012 á vaz que é necesario esforzarse por recuperar os niveis de ingreso corrente de exercicios anteriores.

É necesario sobre as medidas estructurais urxentes e de carácter extraordinario que aprobaronse no Plan de Axuste, acompañalas dunha forte disciplina fiscal, incrementando as medidas de contención/aforro do gasto corrente e a eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha moderación ou reducción dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, recomendándose efectuar unha redimensión de persoal á baixa, en función das necesidades reais e da carga de traballo de cada área.

Volvése a incidir como o informe dos orzamentos do exercicios 2011, 2012 e 2013, que ditas medidas podénse acompañar dunha política adicional de aforro enerxético, mediante a redución dos puntos de luz a partir dunha hora determinada, reducción de potencias ou a reducción de material funxible dos servizos, tales como a impresión a doble cara dos documentos, control das fotocopiadoras introducindo claves personais nas mesmas, aplicación estricta das taxas, en especial a ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, etc.

Tamén é de destacar nese senso o destino da totalidade da cantidade que corresponde a este Concello con cargo ao fondo extraordinario de apoio aos Concellos da Xunta de Galicia a gastos correntes.

Reproducénse as medidas previstas no Plan de Saneamento Financeiro :

1. Accións programadas para o ano 2009

1.1. Sobre o Capítulo 2 "Impostos indirectos"

Practicar as liquidacións definitivas sobre o ICIO tendo en conta o custo real e efectivo das construcións, instalacións e obras, respecto do que até o momento só se facía a liquidación provisional. Estímase un maiores ingresos anuais por este concepto de 335.000 euros.

1.3. Sobre o Capítulo 3 "Taxas e outros ingresos"

a) Mellorar os sistemas de recadación, aplicando con rigor as taxas e os prezos públicos (expedición de documentos administrativos, ocupación de vías públicas, etc). Estímase unha maior recadación por esta acción de 75.000 euros anuais.

b) Establecer a taxa polo servizo de axuda no fogar. Recadación estimada: 25.000 euros anuais.

1.4. Sobre o Capítulo I "Gastos de Persoal".

a) A elaboración e aprobación da RPT permite unha mellor ordenación e racionalización dos recursos humanos e a súa adscrición a losservcios municipais. Isto traducirase nunha Redución das horas extraordinarias de 130.000 euros.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 · E

1.5. Sobre o Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

a) Implantar un sistema de control e racionalización de iso subministracións para obras e servizos, co que se prevé un aforro anual de 130.000 euros.

1.6. Para eliminar o déficit de tesourarÍa anual:

Negociar cos axentes financiadores que as subvencións sexan prepagables.

Reclamar dos axentes financiadores que axilicen os pagos unha vez xustificados os seus empregos polo Concello.

Instar os axentes para que a planificación da súa política de subvencións teña en conta o aspecto temporal para permitir que no ano natural execútese tanto o gasto como o ingreso.

2. ACCIÓNS PROGRAMADAS PARA O ANO 2010

1.1. Sobre o Capítulo 2 "Impostos indirectos"

a) Incrementar o tipo do ICIO de forma que se incrementa a recadación en 40.000 euros.

1.2. Sobre o Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

a) Mellorar e incidir no sistema de control e racionalización das subministracións para obras e servizos, co que se prevé un aforro adicional 42.352.43 euros anuais.

VIXESIMO PRIMEIRO.- INVERSIÓNS.-

Nos ingresos figuran as achegas previstas do Estado-Deputación Provincial, a través do Plan de Obras e Servizos, anualidade 2014 (136.374,63 €), dos cales se destinan para financiamento de gastos correntes 26.003,63 euros, sin achega municipal ó P.O.S.-2014 en virtude da modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal POS-2014 mediante acordo planario do 27 de decembro do 2013 coa obra "Dotación de rede de abastecemento de auga potable a Malata, Chao do Monte, Ixobre e Pallizo" por importe de 110.371,00 euros e a obra incluida no Plan Complementario :

| | |
|---|---|
| Ampliación da rede de abastecemento en Lubre | 37710,88 |

Tamén é de destacar a adxudición por acordo Plenario de 28-11-2013 da adxudicación do contrato do Servicio de Explotación e mantemento do sistema pertecente á actuación de saneamento da zona norte da Ría de Ares e Sur da Ría de Ferrol (Conduccións e bombeos) Ares, Fene e Mugardos por importe de 433.741,27 euros e un prazo de dous anos.

Tamén é de destacar que por acordo Plenario de data 28-11-2013 acordouse a xestión directa con efectos 00 horas do día 1-1-14 do servizo municipal de abastecemento de auga e sumidoiros.

**BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS :**

**CARGA FINACEIRA**

A carga financeira no orzamento de 2014, á vista da liquidación do exercicio 2012 (última aprobada) aprobada por resolución da Alcaldía de 27 de marzo de 2013, cunhos ingresos correntes liquidados ou devengados de 4.326.781,50 €, quedou nun un 97,21 %, (importe total de débeda viva de 4.206.101,00 euros). Como xa se expuso, o Real Decreto Lexislativo

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/30 CIF. P-1500400 - E

2/2004, de 5 de marzo, T.R.L.R.F.L. (art. 53.2) establece como límite para non solicitar autorización do Ministerio de Facenda ou da Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro da Xunta de Galicia para as operacións a longo prazo ( tendo en conta operacións vixentes, tanto a corto como a longo prazo) incluíndo o importe da operación proxectada, que o capital vivo non exceda do 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior ou, no seu defecto, o precedente a este último cando o cómputo haxa de realizarse no primeiro semestre do ano e non se haxa liquidado o orzamento correspondente a aquel.

Á vista da liquidación do orzamento do exercicio 2012, cunhos ingresos liquidados por operacións correntes de 4.326.782,50 € e o capital vivo previsto : operacións a longo prazo (tendo en conta operacións vixentes, tanto a corto como a longo prazo), a porcentaxe sería do 97,21 %. sobre un máximo do 110 por 100, límite para solicitar a preceptiva autorización.

Cadro de préstamos 2014 : amortización e intereses :

**PRESTAMOS 2014 (Por Tablas)**

| | INTERESES 2014 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 1T | 2T | 3T | 4T | TOTAL |
| 21406712 | 25,50 | 21,23 | 18,83 | 15,78 | 81,98 |
| 42624268 | 1,68 | 1,47 | 1,02 | 0,57 | 4,74 |
| 42624274 | 5,35 | 4,68 | 3,26 | 1,83 | 15,12 |
| 42624282 | 16,88 | 18,52 | 11,49 | 6,45 | 53,34 |
| 43819690 | 794,06 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 794,06 |
| 44631658 | 94,40 | 90,60 | 86,79 | 82,98 | 354,77 |
| 44631691 | 19,64 | 18,84 | 18,05 | 17,26 | 73,79 |
| 44544308 | 65,86 | 63,27 | 60,59 | 57,91 | 247,72 |
| 45031684 | 50,62 | 48,55 | 46,47 | 44,40 | 190,04 |
| 45031692 | 297,74 | 285,56 | 273,37 | 261,17 | 1.117,84 |
| 45784662 | 3.735,33 | 3.677,77 | 3.619,39 | 3.560,23 | 14.592,77 |
| 45886867 | 1.132,74 | 1.093,01 | 1.053,15 | 1.013,16 | 4.292,06 |
| 48740891 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 3.871,12 | 3.873,12 |
| BANKIA** | 38.763,72 | 38.337,74 | 39.180,69 | 37.965,01 | 154.256,16 |
| TOTAL | 45.006,08 | 43.653,80 | 44.332,18 | 46.897,83 | [redacted] |

| Importe formalización | PTE.01.01.14 (Por tablas) | | AMORTIZACIÓN CAPITAL 2014 1T | 2T | 3T | 4T | TOTAL | PTE. 31.12.14 | PTE.31.12.14 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 120.202,42 | 21.595,91 | 21406712 | 2.640,52 | 2.690,13 | 2.653,19 | 2.656,26 | 10.808,10 | 10.989,15 | 10.989,71 |
| 15.048,37 | 1.753,80 | 42624268 | 409,31 | 409,52 | 409,97 | 410,42 | 1.639,22 | 114,58 | 114,58 |
| 51.106,89 | 5.605,57 | 42624274 | 1.303,48 | 1.304,10 | 1.305,52 | 1.306,95 | 5.220,06 | 385,50 | 385,50 |
| 180.303,63 | 19.706,94 | 42624282 | 4.596,55 | 4.600,81 | 4.605,94 | 4.610,98 | 18.418,38 | 1.288,55 | 1.288,55 |
| 295.781,15 | 142.916,60 | 43819690 | 17.852,07 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 17.852,07 | 124.964,53 | 124.064,53 |
| 192.300,63 | 105.474,79 | 44631658 | 4.249,18 | 4.252,98 | 4.256,79 | 4.260,60 | 17.019,55 | 88.455,24 | 88.455,24 |
| 40.000,00 | 21.939,29 | 44631691 | 883,84 | 884,84 | 885,43 | 886,22 | 3.540,13 | 18.399,16 | 18.329,16 |
| 134.843,37 | 73.687,30 | 44544308 | 2.990,79 | 2.993,47 | 2.996,15 | 2.998,83 | 11.979,24 | 61.708,06 | 61.708,06 |
| 85.000,00 | 48.319,84 | 45031684 | 1.976,25 | 1.978,32 | 1.980,40 | 1.982,47 | 7.917,44 | 40.402,40 | 40.402,40 |
| 500.000,00 | 284.234,70 | 45031692 | 11.625,01 | 11.637,19 | 11.649,38 | 11.661,58 | 46.573,16 | 237.661,54 | 237.661,54 |
| 330.353,02 | 279.280,83 | 45784662 | 4.307,23 | 4.394,84 | 4.423,22 | 4.452,38 | 17.577,67 | 261.703,16 | 261.703,16 |
| 522.405,87 | 343.775,00 | 45886867 | 12.057,80 | 12.097,63 | 12.137,39 | 12.177,38 | 48.470,10 | 295.305,90 | 295.305,90 |
| 157.903,44 | [illegible] | 48740891 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | [illegible] | [illegible] | [illegible] | 0,00 |
| 2.795.375,29 | 2.798.375,29 | BANKIA** | 0,00 | 0,00 | 87.449,23 | 87.449,23 | 174.898,46 | 2.623.476,80 | 2.623.476,80 |
| 4.206.101,00 | | TOTAL | 64.893,98 | 47.173,93 | 134.782,01 | 194.436,65 | [redacted] | 3.764.835,57 | 3.764.836,13 |

Cabe concluír á vista dos resultados do exercicio 2012, dado que a liquidación do 2013 está sen pechar, que nas principales magnitudes económico-financeiras e orzamentarias o Concello de Ares mellora a súa situación en tódolos aspectos amosando, a primeira vista unha



situación estable e financieramente saneada e cunha execución orzamentaria equilibrada con superávit orzamentario, pero dita situación vese matizada de xeito negativo pola operación de préstamo concertada ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, poñendo ao Concello nunca situación difícil, se ben o Plan de Axuste da resposta á nova situación, sendo necesario cumprir estrictamente o devandito Plan de Axuste acompañando o mesmo dunha forte disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/reducción do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha reducción dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, redimensionando a estructura de personal ao servizo da Entidade e reordenando os órganos colexiados.

NORMATIVA ADICIONAL QUE AFECTA AOS ORZAMENTOS.

1. Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro de Control da Débeda Comercial no sector público

Tal e como dispón a súa Exposición de Motivos, o control do endebedamento das Administracións Públicas introducido pola Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera (LOEPSF), debe entenderse non só como o control da débeda financeira, senón tamén como o control da débeda comercial.

Desta forma, o obxectivo principal desta Lei é o control de débeda comercial e a erradicación da morosidade das Administracións Públicas.

A continuación exponse os aspectos máis relevantes da mesma:

A.- FLEXIBILIZACIÓN DOS DESTINOS do SUPERÁVIT DAS ENTIDADES LOCAIS.

A través da modificación do artigo 32 da LOEPSF, como xa se esperaba, determínanse e desenvolven as condicións para posibilitar o destino finalista do superávit orzamentario da Entidade Local.

Desta nova redacción do mencionado artigo, pódese extraer que:

- Identifícase superávit orzamentario con capacidade de financiamento segundo criterios de contabilidade nacional.

- Identifícase o endebedamento co concepto de débeda pública contido no Protocolo sobre Procedemento de déficit excesivo.

- Establécese con carácter xeral o destino do citado superávit a reducir o nivel de débeda.

Así pois, en DA6ª da Lei de control da débeda comercial, establécense unha serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, sempre que nas Entidades Locais concorran as seguintes circunstancias:

- Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais (artigos 51 e 53 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais) en materia de autorización de operacións de endebedamento.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

- Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, minorado o seu saldo no importe das obrigas que, estando recoñecidas nos orzamentos, abonáronse no marco do mecanismo de pago a provedores regulado en 2012 e sempre que se financiaron con operacións de préstamo co Fondo para o Financiamento de Pagos a Provedores.

- Que o período medio de pago (PMP) non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Cumpridas as mencionadas circunstancias, a efectos de aplicación do artigo 32 da LOEPYSF, para o ano 2014, teranse en conta os seguintes destinos:

1. O superávit en contabilidade nacional ou, si fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación.

2. No caso de que, atendidas as obrigas da conta 413 ou equivalentes, o importe do remanente mantivésese con signo positivo, deberase destinar, como mínimo, o importe para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en 2014.

3. Si así o decide a entidade local, o importe positivo restante, poderase destinar:

- O financiamento de investimentos que sexan financieramente sustentables ao longo da súa vida útil. Mediante lei determinaranse os requisitos formais e os parámetros que permitan cualificar un investimento como financieramente sustentable.

- No caso de que non se aplique, total ou parcialmente, o destino anterior, deberase aplicar a contía restante a amortización adicional de operacións de endebedamento.

En consecuencia, si unha Entidade Local non tiver débeda pendente de amortizar podería destinar o menor importe entre o superávit e o remanente positivo para gastos xerais (atendidas as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento) a financiar investimentos financieramente sustentables ata a porcentaxe para o que non incorrería en necesidade de financiamento ao peche do exercicio no que aqueles se apliquen (2014).

Excepcionalmente, as Entidades Locais que no exercicio 2013 cumpran con estes requisitos na liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais cumpran tamén no exercicio 2014, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, si fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme as regras anteriores, si así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

É importante sinalar, que ademais, o importe deste gasto non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.

B.- CONFIGURACIÓN DO CONCEPTO DE SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA.

Modifícase o artigo 4 da LOEPYSF para introducir o concepto ampliado de sustentabilidade financeira.

Desta maneira, entenderase por sustentabilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial.

Ademais, establécese que «existe sustentabilidade da débeda comercial cando o período medio de pago non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, fixado en 30 días pola lexislación comunitaria».

C.- PLANS DE TESOURERÍA.

De conformidade coa modificación introducida no artigo 13 da LOEPYSF, establécese a obriga para todas as Entidades Locais de dispor dun Plan de Tesourería.

Neste deberá incluír, polo menos, información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do PMP a 30 días.

D.- PUBLICACIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO.

Todas as Entidades Locais deberán publicar NO seu PORTAL WEB o seu período medio de pago (PMP) no prazo dun mes desde a entrada en vigor da Lei.

Así, o PMP deberá estar publicado antes do 22 de xaneiro de 2014.

No entanto, as Administracións Públicas farán público o seu período PMP nos termos que se establezan por Orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas.

E.- SISTEMA DE CONTROL DO PMP.

Cada Administración Pública velará pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería:

Si o período medio de pago supera os 30 días, a Entidade Local deberá incluír na actualización do seu plan de tesourería:

O importe dos recursos que vai dedicar mensualmente ao pago de provedores para reducir a moura a 30 días.

O compromiso de adoptar medidas para xerar a tesourería necesaria para cumprir co prazo legal.

Non se prevén medidas automáticas de prevención para as Entidades Locais.

Doutra banda, establece que o órgano interventor deberá realizar o seguimento do cumprimento do PMP.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

No caso de EELL incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do TRLHL, cando o órgano interventor detecte que o PMP é maior de 60 días durante dous meses, deberá comunicar unha alerta, no prazo de quince días, á Administración que teña atribuída a tutela financeira, que poderá establecer medidas que estime pertinente para lograr o cumprimento. Si aplicadas as medidas anteriores persistise o incumprimento, poderase proceder á retención de recursos derivados do PIE.

2. LEI 25/2013, do 27 de decembro de Impulso da Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable.

A mesma promúlgase co obxectivo de asegurar un adecuado cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública.

Os principais obxectivos que busca esta norma son:

- Impulsar o uso da factura electrónica no sector público e privado, reducindo así as cargas administrativas e xerando ganancias de eficiencia ás empresas.
- Garantir un maior control contable das facturas por parte das Administracións Públicas, permitindo un mellor cumprimento dos prazos de pago de facturas, mellor control do gasto público e do déficit, así como unha mellora na loita contra a fraude.

Esta normativa prevé outorgar beneficios para os provedores, posto que se tramitarán electronicamente as facturas nun punto xeral de entrada de facturas electrónicas. É dicir, existirá un punto único de entrada de facturas electrónicas por cada Administración. Con isto preténdese conseguir:

- Reforzar a protección dos provedores, ao deixar constancia da data de presentación, permitindo un control do pagamento de intereses en caso de demora polo atraso no pago.

- Axilizar a tramitación das facturas ao incorporar novas tecnoloxías, facilitando o seu seguimento para o seu pago posterior e o seu control contable.

O provedor ten dereito a presentar as súas facturas electronicamente desde a entrada en vigor desta lei sendo obrigatorio a partir do 15 de xaneiro de 2015 para determinados suxeitos.

No entanto, as Administracións Públicas poderán excluír regulamentariamente as facturas con importe inferior a cinco mil euros desta obrigación de facturación electrónica.

Con esta norma, impúlsase o uso da factura electrónica nas empresas prestadoras de servizos de especial transcendencia económica, establecendo a obrigatoriedade a partir do 15 de xaneiro de 2015.

Os efectos que ten para as Administracións Públicas son:

- Priorizar a remisión ao órgano contable e posteriormente ao órgano xestor, evitando as facturas pendentes de tramitación.
- Acceder no calquera momento á documentación xustificativa por parte dos órganos de control interno, información do rexistro contable de facturas e á contabilidade, para elaborar anualmente un informe de avaliación do cumprimento da morosidade.
- Doutra banda, prevese un intercambio de información entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria, os órganos de recadación da Comunidade Autónomas e Concellos, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e os órganos

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/36 CIF: P-1500400 · E

pagadores das Administracións Públicas sobre debedores das Administracións e os pagos aos mesmos, co obxecto de fortalecer tamén a loita contra a fraude.

3. **Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, acceso á información públia e bo goberno.**

Co fin de conseguir unha mellor fiscalización da actividade pública e promover a eficiencia e eficacia do Estado, as Cortes Xerais aprobou a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno:

Tal e como dispón a súa Exposición de Motivos, trátase dunha Lei cun triple alcance:

- Incrementar e reforzar a transparencia na actividade pública.

- Recoñecer e garantir o acceso á información.

- Establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos, así como as consecuencias xurídicas derivadas do seu incumprimento.

Os aspectos máis relevantes da mesma son :

A.- Configuración de obrigas de PUBLICIDADE ACTIVA.

Para aos suxeitos incluídos no artigo 2 da Lei, entre os que se atopan a Administración Xeral do Estado, as Administracións das CCAA e as entidades que integran a Administración Local, establécese a obrigación de difundir:

- Determinada información institucional, organizativa e de planificación relativa ás funcións que desenvolven, a normativa que lles sexa de aplicación así como á súa estrutura (art. 6)

- Determinada información de relevancia xurídica relativa a instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas expostas ás Administracións Públicas, Anteproxectos de Lei, proxectos de Decretos Lexislativos ou Regulamentos cuxa iniciativa lles corresponda, etc. (art. 7)

- Determinada información económica, orzamentaria e estatística:

- Todos os contratos.
- A relación dos convenios subscritos.
- As subvencións e axudas públicas concedidas.
- Os orzamentos.
- As contas anuais.
- As retribucións percibidas anualmente polos altos cargos e máximos responsables das entidades incluídas no ámbito da aplicación.
- As resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afectan os empregados públicos así como as que autoricen o exercicio de actividade privada ao cesamento dos altos cargos da Administración Xeral do Estado ou asimilados segundo a normativa autonómica ou local.
- As declaracións anuais de bens e actividades dos representantes locais.
- A información estatística necesaria para valorar o grao de cumprimento e calidade dos servizos públicos que sexan da súa competencia.
- A relación dos bens inmobles que sexan da súa propiedade ou sobre os que ostenten algún dereito real (artigo 8).

Esta información será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web de maneira clara, estruturada e entendible para os interesados.



Está obriga entrará en vigor ao ano da súa publicación no BOE.

B.- Creación do PORTAL DE TRANSPARENCIA.

Para favorecer o acceso á información anterior, a Administración Xeral do Estado desenvolverá o Portal da Transparencia, que incluirá, ademais da información sobre a que existe unha obrigación de publicidade activa, aquela cuxo acceso se solicite con maior frecuencia.

A Administración Xeral do Estado, as Administracións das CCAA e as entidades que integran a Administración Local poderán adoptar medidas de colaboración para o cumprimento das súas obrigacións de publicidade activa.

Entrará en vigor ao ano da súa publicación no BOE.

C.- Configuración do DEREITO DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Todas as persoas poderán exercer o seu dereito de acceso á información pública sen necesidade de motivar a solicitude.

Este dereito soamente verase limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos.

Ademais establécese o procedemento para o exercicio deste dereito e disponse a creación de unidades de información na Administración Xeral do Estado.

O acceso á información realizarase preferentemente por vía electrónica.

Entrará en vigor ao ano da súa publicación no BOE.

D.- Creación da RECLAMACIÓN ANTE O CONSELLO DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO en materia de acceso á información pública.

En materia de impugnacións créase a reclamación potestativa e previa á vía xudicial ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, QUE SUBSTITÚE AOS RECURSOS ADMINISTRATIVOS, EN MATERIA DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.

Desta forma, fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interporse reclamación ante o Consello de Transparencia e Bo Goberno, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A tramitación desta reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Desta reclamación coñecerá o Consello de Transparencia e Bo Goberno, organismo de nova creación de natureza independente e con plena capacidade xurídica e de obrar.

O Consello de Transparencia e Bo Goberno só terá competencias naquelas Comunidades Autónomas coas que asine Convenio ao efecto, quedando, noutro caso, en mans do órgano autonómico que sexa designado as competencias que a nivel estatal asume o Consello.

Entrará en vigor ao ano da súa publicación no BOE.

E.- BO GOBERNO.

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tel. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF: P-1500400 - E

Outórgase rango de Lei aos principios éticos e de actuación que deben rexer o labor dos membros do Goberno e altos cargos e asimilados da Administración do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

Ademais, establécese o réxime sancionador que lles resulta de aplicación, en función da responsabilidade á que estean suxeitos, estruturado en tres ámbitos:

- Infraccións en materia de conflito de intereses.
- Infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria, entre as que se atopan recollidas as derivadas do incumprimento da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Infraccións no ámbito disciplinario.

Como exemplo cabe destacar que no ámbito económico-orzamentario impoñanse sancións a quen comprometan gastos, liquiden obrigas e ordenen pagos sen crédito suficiente para realizalos ou con infracción do disposto na normativa orzamentaria, ou non xustifiquen o investimento dos fondos aos que se refiren a normativa orzamentaria equivalente.

A comisión das infraccións dará lugar á imposición de sancións como a destitución nos cargos públicos que ocupe o infractor, a non percepción de pensións indemnizatorias, a obriga de restituír as cantidades indebidamente percibidas e a obriga de indemnizar á Facenda Pública.

Entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOE.

F.- As DISPOSICIÓNS FINAIS modifican, entre outras, a regulación do dereito de acceso aos arquivos e rexistros administrativos contida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, amplían o

publicidade de determinada información que figura no Rexistro de bens e dereitos patrimoniais dos altos cargos da Administración Xeral do Estado e a obriga de publicidade prevista no apartado 4 do artigo 136 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

No entanto, de conformidade coa Disposición Final 9ª da citada Lei, «os órganos das Comunidades Autónomas e Entidades Locais disporán dun prazo máximo de dous anos para adaptarse ás obrigacións contidas nesta Lei».

**SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS PARA ATENDER AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESIXIBLES E DOS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS.**

Por razón dos compromisos e débedas esixibles :

Estímanse suficentes os créditos propostos.

Por razón dos gastos de funcionamento dos servizos :

Os créditos previstos considéranse suficientes para atender o funcionamento dos servizos actuais.

Novamente por esta Secretaría-Intervención volvese en relación as asignacións efectuadas ós grupos políticos aprobada na sesión Plenaria do día 25 de xullo de 2003 e na sesión de xullo de 2007, que de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e esencialmente a Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación dá Lei 7/1985, de 2 de abril, hoxe en día recollido pola modificación efectuada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, non poderanse destinar ditas cantidades ó pago de remuneración de persoal de calquera tipo ou servizo dá Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial; e sen prexuízo



de que sexa posta a disposición do Pleno dá Corporación, volve ó igual que no informe ós orzamentos dos anos 2005, 2006, proxecto de orzamento de 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 a solicitar formalmente ós grupos políticos a contabilidade especifica de dotación, contabilidade que a día de hoxe non foi entregada en relazón ós anos solicitados.

Insistir novamente na referencia ó Informe do Tribunal de Contas, remitido á Comisión Mixta Congreso-Senado para as Relacións co Tribunal de Contas, dado que en referencia a financiamento público dos Grupos Políticos Municipais, o apartado II do informe do Tribunal de Contas formula unha severa crítica a modificación ademais de fragmentar a unidade normativa en materia de financiamento de Partidos Políticos, coa conseguinte inseguridade xurídica que elo supón, incorpora un elevado marxe de indeterminación no límite cuantitativo desta modalidade de financiamento en cada Corporación Local, xa que soamente contempla a posibilidade de que as sucesivas Leis de presupostos Xerais do Estado establezan un límite, con carácter xeral, limitación que non foi recollida en ningunha dás Leis aprobadas ata agora, e doutro lado non previuse ningún procedemento de fiscalización.

Na súa consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, logrouse a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento."

Sendo as 12,22 horas abandonan a Sesión os membros do Grupo Municipal do BNG.

**Sometido a votación os orzamentos, o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 NAL), e 4 votos en contra (4 P.P.) e duas abastencións do BNG, acorda:**

**1º.- Aprobar con carácter inicial o orzamento para o exercicio de 2014, plantilla de persoal e relación de postos de traballo.**

**2º.- De conformidade co artigo 169 por remisión do 177 do R.D.L 2/2004 de 5 de marzo, expoñer a información pública o orzamento, plantilla e relación de postos de traballo polo prazo de quince días mediante Edicto publicado no B.O.P.**

**3º.- No caso de ausencia de reclamacións-alegacións o presente acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo.**

**ESTADO DE GASTOS**

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| | A) OPERACIÓNS CORRENTES | |
| 1 | Gastos de persoal | 1.778.142,52 |
| 2 | Gastos de bens correntes e de servizos | 2.488.724,52 |
| 3 | Gastos financeiros | 252.820,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 255.574,63 |
| 5 | | |
| TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | | 4.773.261,67 |
| | B) OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| 6 | Investimentos reais | 406.344,75 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 |
| 8 | Activos financeiros | 17.006,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 480.200,00 |
| | | |
| TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | | 903.550,75 |
| TOTAL GASTOS | | 5.676.812,42 |

**ESTADO DE INGRESOS**

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| | A) OPERACIÓNS CORRENTES | |

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

| | | |
|---|---|---|
| 1 | Impostos directos | 1.836.180,24 |
| 2 | Impostos indirectos | 80.000,00 |
| 3 | Taxas e outros ingresos | 1.610.547,03 |
| 4 | Transferencias correntes | 1.975.104,12 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 3.112,00 |
| TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES | | 5.504.943,39 |
| | B) OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| 6 | Enaxenación investimentos reais | 0,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 162.857,03 |
| 8 | Activos financeiros | 9.012,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 0,00 |
| | | |
| TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL | | 1171.869,03 |
| TOTAL INGRESOS | | 5.676.812,42 |

Na citada sesión, tamén se acordou aprobar o cadro do persoal funcionario, laboral e eventual para o 2014 o cal se detalla a continuación:

## CADRO DE PERSOAL-2014

**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

| Categoría | Prog | Núm | Grupo | Subgrupo | Escala | Situación |
|---|---|---|---|---|---|---|

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Secretario | 920 | 1 | A | A1 | H. Nacio. | Propiedade |
| Interventor | 934 | 1 | A | A1 | H. Nacio. | Vacante |
| Tesoureira-Administrativo | 934 | 1 | C | C1 | Ad. Xeral | Vacante |
| Administrativo | 934 | 1 | C | C1 | Ad. Xeral | Propiedade |
| Administrativo | 920 | 4 | C | C1 | Ad. Xeral | Propiedade |
| Oficial Xefe Policía Local | 132 | 1 | C | C1 | Ad. Espec. | Propiedade |
| Policía Local | 132 | 2 | C | C1 | Ad. Espec. | Propiedade |
| Psicólogo/a | 231 | 1 | A | A1 | Ad. Espec. | Propiedade |
| Trabajador/a Social | 231 | 1 | A | A2 | Ad. Espec. | Propiedade |
| Arquitecto Técnico | 151 | 2 | A | A2 | Ad. Espec. | Propiedade |
| Axente desenrolo local | 241 | 1 | A | A2 | Ad. Xeral | Propiedade |
| Auxiliar Biblioteca | 334 | 1 | C | C2 | Ad. Espec. | Propiedade |

**B) PERSOAL LABORAL FIXO**

| Categoría | Prog | Núm | Titulacion | Situación |
|---|---|---|---|---|
| Director Técnico Deportivo | 341 | 1 | Lic. INEF | Propiedad |
| Capatáz | 453 | 1 | Est. Prim | Propiedad |
| Chófer vehículos municipais | 453 | 1 | Est. Prim | Propiedad |
| Oficial 1ª | 453 | 4 | Est. Prim | Propiedad |
| Conserxe C.P.I. Conde Fenosa | 323 | 1 | Est. Prim | Propiedad |
| Limpadoras | 920 | 3 | Est. Prim | Propiedad |

**C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF: P-1500400 - E

| Categoría | Prog | Núm | Titulacion | Situación |
|---|---|---|---|---|
| Educadora Social | 231 | 1 | Diplom. | Temporal |
| Auxiliar Advo. | 231 | 1 | ESO | Temporal |
| Auxiliar Advo. Ludoteca | 323 | 1 | ESO | Temporal |
| Auxiliar Advo. Urbanismo | 151 | 1 | ESO | Temporal |
| Auxiliar Advo. Servizos Ec. | 934 | 1 | ESO | Temporal |
| Auxiliar Advo. Servizos Xer. | 920 | 1 | ESO | Temporal |
| Auxiliar Advo. Sec. Xulgado T/parcial | 920 | 1 | ESO | Temporal |
| Auxiliares Policía Local | 132 | 5 | ESO | 3 Tem. 6m, 2 Tem. 3m |
| Auxiliar Centro 3ª Idade | 231 | 1 | ESO | Temporal |
| Peón Maquinaria | 453 | 1 | Est.Prim | Temporal |
| Axente Telecentro | 334 | 1 | Bach/FP2 | Temporal |
| A.D.L. | 241 | 1 | Diplom. | Temporal |
| Advo.-Oficial 1ª S.X.Auga | 161 | 1 | Bach/FP2 | Temporal |
| Oficial 1ª S.X.Auga | 161 | 1 | Est.Prim | Temporal |
| oficial 3ª S.X.Auga | 161 | 1 | Est.Prim | Temporal |

**D) PERSOAL EVENTUAL-CONFIANZA**

| Categoría | Prog | Núm. | Titulacion | Situación | |
|---|---|---|---|---|---|
| Auxiliar Administrativo Alcaldía | 912 | 1 | ESO | Temporal | |
| Auxiliar de comunicación Alcaldía | 912 | 1 | ESO | Amort. | máx. 28/02/14 |

**PUNTO NÚM. 4.- PLAN DTC-93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS.**

Dada conta da do Expediente, este asunto é retirada polo Alcaldía-Presidencia.

**PUNTO NÚM. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE REGULAMENTO SUBMINISTRACIÓN /ABASTECEMENTO AUGA POTABLE.-**

Dase conta do informe do Sr. Secretario, de data 18 de febreiro de 2014, do seguinte teor literal:

"A petición da Concelleira-Delegada solicitase informe xúridico a esta Secretaria, previo á súa aprobación polo órgano municipal competente do Regulamento de subministracións/abastecemento de auga potable, e en cumprimento do establecido no art. 3 a) R.D. 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte

INFORME:

PRIMEIRO.- Lexislación aplicable.

-Os artigos 4.1 a), 22.2. d) 25, 49, 65.2 e 40.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local LRBRL.

-O artigo 56 RDLeg. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

SEGUNDO.- Consideracións Xurídicas.

Consideracións Xurídicas.

O art. 4.1 a) LRBRL, atribúe aos Municipios, a potestade regulamentaria e de auto organización. En virtude desta facultade as entidades locais teñen capacidade para desenvolver, dentro da esfera das súas competencias, o disposto nas leis estatais ou autonómicas, podendo ditar disposicións administrativas de carácter xeral e de rango inferior a lei, sen que, en ningún caso, estas disposicións poidan conter preceptos contrarios ás leis.

Para levar a efecto a regulación da materia que se pretende e que é de competencia municipal, requírese a elaboración, tramitación e posterior dunha Ordenanza municipal, por ser unha disposición administrativa de rango inferior á Lei, de aplicación xeral neste Municipio.

Respecto aó órgano municipal competente para a súa aprobación, segundo o establecido no artigo 22 2.d) LRBL, e o Pleno do Concello e non se require unha maioría cualificada para adoptar devandito acordo, salvo no caso de aprobación do Regulamento Orgánico da Corporación.

O procedemento para a súa tramitación é o establecido con carácter xeral nos arts. 49 e 70 LRBRL, aínda que hai que ter en conta que sofre algunhas modificacións para algún tipos de Ordenanzas e Regulamentos municipais concretos.



TERCEIRO.- Procedemento de Elaboración.

A aprobación das Ordenanzas e Regulamentos municipais, en xeral, axústase ao procedemento establecido nos arts. 49 e 70 LRBRL, reguladora das Bases do Réxime Local.

1.- Elaboración polos servicios municipais correspondentes do texto articulado do Proxecto de Ordenanza ou Regulamento.

2.- Previo ditame da Comisión Informativa Aprobación polo Pleno, por maioría simple.

3.- Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións. O acordo de aprobación inicial publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

4.- Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno. No acordo inicial pódese establecer que, se non se presentan reclamacións, a Ordenanza ou Regulamento considerarase definitivamente de forma automática, a estes efectos estenderase por Secretaría a certificación acreditativa da elevación a definitiva da aprobación inicial.

5.- Publicación do acordo e texto integro da Ordenanza ou Regulamento no Boletín Oficial da Provincia. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, publicaranse no "Boletín Oficial" da Provincia ou Comunidade Autonoma e non entrarán en vigor ata que se publicou complementamente o seu texto e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL, é dicir unha vez transcorran 15 días contados desde a recepción pola Administración do Estado e das Comunidades Autonomas, da Comunicación do acordo municipal que debe remitirlles o Concello.

O prazo de quince días computarase a partir de que a Administración estatal ou autonomica reciban da Entidade Local a comunicación do acordo, en virtude da doutrina legal establecida pola Sala 3ª do TS en Sentenza de 25 de febreiro de 2011.

Analizado o Regualmento de subministracións/abastecemento de auga potable, consecuencia da xestión directa do servizo dende o 1 de xaneiro de 2014, a reservas de cuestións, estrictamente técnicas, xurídicamente INFORMASE FAVORABLEMENTE a proposta realizada pola Concelleira-Delegada sobre a aprobación do regulamento de Subministración/Abastecemento de auga potable."

Sometido a votación o asunto o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

**PUNTO NÚM. 6.- APROBACIÓN SE PROCEDE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS.-**

Dase conta do informe do Sr. Secretario-Interventor de data 18 de febreiro de 2014, do seguinte teor literal:

"D. Manuel Larrosa Rodríguez, Secretario-Interventor do Concello de Ares, e en cumprimento do disposto no artigo 214.1 do RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis, ten a ben emitir informe de fiscalización sobre a proposta da Concellería-Delegada de establecemento da taxa por prestación servizo público local da rede de sumidoiros e a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora deste tributo

**I. LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Artigos 133.2 e 142 Constitución Española.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis.
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locáis.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis.
- Lei 9/2010, do 4 de novembro de Augas de Galicia.
- Decreto 136/2012, do 31 de maio, Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de augas residuais.
- Decreto 141/2012, do 21 de xuño, Regulamento marco do Servizo de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

**II. ADECUACIÓN DA PROPOSTA Á LEGALIDADE VIXENTE.**

a) Ao expediente administrativo acompáñase:

1.- O texto íntegro da Ordenanza fiscal reguladora pola prestación do servizo público local da rede de sumidoiros, definindo os elementos tributarios configuradores da mesma, así como, as datas da súa aprobación e o comezo da súa aplicación.

b) Órgano competente.

O órgano competente para a aprobación das Ordenanzas é o Pleno da Corporación (art. 22.2 d) LRBRL). O quorum esixido para a aprobación das Ordenanzas Fiscais é o de maioría simple dos membros da Corporación, conforme ao establecido no artigo 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación co artigo 49 da mesma lei e cos artigos 15 e seguintes do RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis.

c) Procedemento.

O procedemento a seguir para o establecemento da taxa por prestación servizo público local da rede de sumidoiros e a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora deste tributo, de conformidade co establecido nos artigos 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 17 e seguintes do RDLex 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locáis, é o seguinte:

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

1.- Aprobación provisional polo Pleno da Corporación, previo ditame emitido pola Comisión Informativa respectiva.

2.-Exposición ao público, durante un prazo de trinta días hábiles, do acordó provisional do establecemento da taxa e do acordó de aprobación da Ordenanza fiscal, mediante o seu anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial de A Coruña, ós efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións.

3.-Acordo definitivo resolvendo as reclamacións, que se presentaron, no seu caso, eaprobación definitiva da Ordenanza fiscal. No suposto, de que non se presentasen reclamacións, o acordó provisional, entenderase definitivamente adoptado.

4.-Publicación do acordó definitivo e do texto íntegro da Ordenanza tributaria pola prestación do servizo público local de distribución e subministración de auga potable, no Boletín Oficial de A Coruña, e no seu caso, taboleiro local de anuncios.

En consecuencia FISCALÍZASE DE CONFORMIDADE a proposta realizada pola Concellería-Delegada sobre o establecemento da taxa por prestación servizo público local da rede de sumidoiros e a aprobación da Ordenanza fiscal reguladora deste tributo."

Acto seguido dase conta da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa da Rede de Sumidoiros que seguidamente se transcribe:

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS

### ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade ao disposto no artigo 20.4.r) en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por Prestación do Servizo de Rede de sumidoiros, Tratamento e Depuración de Augas Residuais, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

Os servizos indicados nos apartados anteriores serán de recepción obrigatoria, polo que en consecuencia, tódolos inmobles enclavados a distancia inferior a cen metros dalgunha arteria da rede de sumidoiros, deberán estar dotados destes servizos devengándose as taxas correspondentes ainda cando os suxeitos pasivos non realicen o enganche a rede xeral.

## ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, todas as persoas físicas e xurídicas así como as entidades que resulten beneficiadas polos servizos de rede de sumidoiros, así como de tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares, de conformidade co disposto no artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concreto :

1.-Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan:

a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o dono, usufructuario ou titular do dominio útil do terreo.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: donos, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios.

2.-En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o dono destes inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

## ARTIGO 4.- RESPONSABLES



1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

## ARTÍCULO 5.- CONTÍA

1.- A base do presente tributo, virá determinada:

a) Polo volume de auga consumida por contador.

c) No suposto de que non se practique tal medición por causa imputable ao abonado, ben sexa por non poderse realizar a lectura do contador ou pola inexistencia do mesmo, establecese unha cota de consumo de 30 m3/trimestrais.

d) No caso de usuarios domésticos con alta no servicio de abastecemento, se a *falla* de medición se debe á carencia de contador, notificarase ao abonado a necesidade de instalación de tal aparello. Pasados tres meses desde dito aviso sen que se proceda á colocación do contador sen alegar causa xustificada, a cota de consumo estimarase en 60 m3/trimestrais.

## ARTIGO 6.- COTA TRIBUTARIA

1.-A Cota tributaria correspondente á concesión de licencia de autorización, esixirase por unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de 106,87 euros por terreo, vivenda ou local.

2.-A cota Tributaria a esixir pola presentación dos servicios da rede de sumidoiros determinarase da seguinte maneira:

a) Abonados con subministración de auga potable: 0,28 euros por metro cúbico que reflicta o contador , cun mínimo de 30 m³/trimestre.

b) Abonados sen subministración de auga potable: couta fixa trimestral por valor de 30 m³ x 0.28 euros.

## ARTIGO 7.- DEVENGO

1.-Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible, entendéndose iniciada esta:

a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licencia de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivese ou non a licencia de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización de oficio.

2.-Os servicios de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódolos terreos do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista a rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o terreo non exceda de cen metros, e se devengará a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectua-la acometida á rede.

## ARTIGO 8.- DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO

1.-Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do terreo e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións causarán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.

2.-A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licencia de acometida á rede.



3.-As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

4.-No suposto de licencia de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude ao Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será liquidada con carácter previo a calquera actuación.

As altas e baixas tramitaranse conxuntamente coa póliza de abonado do servizo de abastecemento de auga potable.

Os usuarios do servicio de auga potable, que carezan de rede de sumidoiros, virán obrigados a solicita-la exclusión do padrón por dito concepto, ó tempo que tramitan a alta da auga.

## ARTIGO 9 ACOMETIDA

Entèndese por acometida de saneamento o colector de augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se extende dende o bordo do terreo ou propiedade pública ou privada ata o rexistro de saneamento ó que está conectado.

Nas instalación de saneamento en onde puidese falta-lo rexistro, entenderase que a acometida remata, excepcionalmente, no colector xeral.

As acometidas de saneamento que non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización polo Servizo de Augas dun orzamento que será presentado ó abonado para proceder ó cambio desta, atendendo ao orzamento nos termos dos prezos do Anexo da presente Ordenanza.

Se o abonado non se fixese cargo deste orzamento, o Concello quedará eximido de toda responsabilidade.

2.-As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente polo Servizo de Augas ou, por autorización súa, por contratistas debidamente homologados.

Para proceder á execución da acometida de saneamento, o abonado haberá depositar previamente ó comenzo das obras o importe íntegro do orzamento que, de acordo ó cadro de prezos recollido no Anexo da persente Ordenanza Fiscal, teralle realizado o Servizo de Augas.

## ARTIGO 10.- NOTIFICACIÓN DA TAXA

1.-A débeda tributaria esixirase con carácter de autoliquidación no momento de darse de alta do servicio, con carácter previo á prestación deste.

Se a autoliquidación indicada no apartado anterior resultase incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2.-No suposto de esixibilidade da taxa por prestación do servicio continua, recadaranse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministración e consumo de auga.

## ARTIGO 12.- XESTIÓN

A xestión, liquidación, inspección e recadación desta Taxa realizarase segundo o disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da Taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade do inmoble/leira e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións fornecerán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 - E

Nos termos do artigo 34.1 do Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, en tanto en canto no marco da Lei 9/2010, de augas de Galicia, e do devandito Decreto 141/2012, non se elabore o respectivo regulamento ou ordenanza específica en relazón cos sistemas de saneamento e depuración que se xestiona, en virtude da Disposición transitoria primeira do Decreto 141/2012 queda incorporado e, polo tanto sendo de aplicación directa o Regulamento Marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Na débeda tributaria resultante nos termos do artigo 6 "Cota Tributaria", incluiránse o canon da auga e o coeficiente de vertedoría nos termos previstos pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficente de vertedora a sistemas público de depuración de augas residuais.

## DISPOSICIÓN FINAL

**Disposición final**

A presente Ordenanza Fiscal, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día ____________________, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir da mesma, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derrogación expresa."

Sometido o asunto a votación o Pleno da Corporación por 7 votos a favor (6 PSdeG-PSOE e 1 NAL) E 4 Votos en contra ( 4 P.P.), acorda:

**1.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa de Sumidoiros.**

2.- Expoñer o público, a presente aprobación por un prazo de trinta días, mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, os efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou alegacións.

3.- No caso de non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobada.

**PUNTO NÚM. 7.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DO CAMBIO EFECTUADO NO PROXECTO "DOTACIÓN DE REDE DE ABASTECEMENTO DE AUGA POTABLE Á MALATA, CHAO DO MONTE, IXOBRE E PALLIZO INCLUIDO NO POS-2014.-**

Dada conta do cambio efectuado no proxecto "Dotación de rede de abastecemento de auga potable á Malata, Chao do Monte, Ixobre e Pallizo incluido no POS 2014, O Pleno da Corporación toma coñecemento do mesmo, dando traslado á Excma. Deputación do presente acordo aos efectos oportunos.-

**PUNTO NÚM. 8.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA APLICACIÓN LIMITACIÓNS PERSOAL EVENTUAL LEI 27/2013.**

Dase conta do informe do Sr. Secretario-Interventor de data 3 de febreiro de 2014, do seguinte teor literal:

"Informe Secretaria-Intervención:

Primeiro.- A Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL) introduce un novo artigo 104.bis da Lei 7/1985 do 2 de abril (LRBRL) referido ás dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponda a persoal eventural cos límites e normas que no mesmo se establecen. No caso do Concello de Ares, polo tramo de poboación:

b) Los Ayuntamiento de Municipios con población superior a 5.000 y no superior a 10.000 habitantes podrán incluir en sus plantillas puestos de trabajo de personal eventural por un número que no odrá exceder de uno.

Así mesmo a Disposicións transitoria décima "Aplicación das limitacións referidas ao número de persoal eventual e cargos públicos con adicación exclusiva establece:

1.- A las Entidades Locales que cumplan con los objetivos de estabilidad presupuestaria y deuda pública, y además su período medio de pago a los proveedores no supere más de 30 días el plazo máximo previsto de la normativa de morosidad, no les aplicará, con carácter excepcional, los límites previstos en los artículos 75 bis y ter y 104 de la Ley 7/1985 de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local hasta el 30 de junio de 2015.

2.- El cumplimiento de los requisitos previstos en el apartado anterior, será verificado por la Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local del Ministerio de Hacienda y



Administraciones Públicas, que en virtud de la información comunicada por las Entidades Locales el mencionado Ministerio, publicará una lista de las Entidades Locales que cumplen los requisitos previstos en el apartado anterior.

3.- La excepción prevista en esta disposición podrá aplicarse a las Entidades Locales que cumplan con los requisitos mencionados en el apartado primero en el momento de la entrada en vigor de la Ley y se mantendrá su aplicación hasta el 30 de junio de 2015 en tanto sigan cumpliendo los requisitos mencionados.

4.- En ningún caso, las Entidades Locales en las que concurran los requisitos a los que se refiere esta disposición, podrán incrementar el número total de puestos de trabajo de personal eventual o cargos públicos con dedicación exclusiva respecto al que disponían a 31 de diciembre de 2012.

Segundo.- Rematado o pasado venres día 31-1-2014 os traballos de remisión da execución orzamentaria do carto trimestre do 2013 ao MHAP, tendo en conta as previsions fundadas da liquidación do orzamento 2013 e á vista da Nota emitida pola MHAP relativa á adicación da Disposición transitoria décima da lei 27/2012, do 27 de decembro de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL), tendo en conta a norma é aplicable dende o mesmo día da súa entrada en vigor, por esta Secretaría infomáse:

1.- O Concello de Ares cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

2.- A 31 de decembro de 2013 nos termos establecidos nos artigos 51 e 53 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, as operacións a curto plazo non superan o 30 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercizo inmediato anterior 2012 nin o volumen total do capital vivo das operación de crédito a curto e longo prazo non superan o 110 por cen dos ingresos correntes liquidados no exercicio 2012.

3.- No se cumpre o período medio de pago a proveedores tendo en conta aos exclusivos efectos da aplicación desta Disposición transitoria décima os ratios período medio de pago do pendente de pago, recollidos nos números 1 e 3 do apartado 5 da Guía para la elaboración de los informes trimestrales que las entidades locales han de remitir al Ministerio de Economía y Hacienda (MHAP), en cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comercials.

Terceiro.- Procede aplicar as limitacións do devandito artigo 104.bis da Lei 7/1985, introducido pola Lei 27/2013.

Cuarto.- A Corporación publicará semestralmente na súa sede electrónica e no B.O.P. o número de postos de traballo reservados a persoal eventual, debendo o Presidente do Concello informar ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste."

Seguidamente dase conta da proposta da Concelleira de Persoal de data 6 de febreiro de 2014, que seguidamente se transcribe:

"Vistos os antecedentes e sendo necesario adecuar as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal cos limites establecidos no artigo 104.bis da Lei 7/1985 (LBRL) na redacción dada pola Lei 27/2013, propónse a reducción dos dous postos existentes nesta Entidade correspondentes a persoal eventual a un."

Finalmente dase conta da Resolución da Alcaldía núm. 49/2014 de data 6 de febreiro de 2014,

"Dada conta dos antecedentes, está Alcaldía dispón que se proceda a dito reaxuste previsto no artigo 104 da Lei 7/1985 LBRL na redacción dada pola Lei 27/2013 (LRBRL) pasando a dotación do persoal eventual de dous a un, dispoñendo en base á necesidade de remata-lo traballo pendente, así como poñer ao día á outra persoa en réximen de persoal eventual, que cese con efectos de 26-02-2014 Dna. Eva Martínez Montero, provista do DNI num. 32.666.465-R. Elo a reservas da publicación pola Secretaria Xeral de Coordinación Autonómica e Local do MHAP a lista de entidades locais que reúnen os requisitos para a aplicación excepcional prevista na Disposición transitoria décima da Lei 27/2013.

Dese conta ao Pleno do Concello en virtude do artigo 104.bis da Lei 7/985, introducindo pola Lei 27/2013 do 27 de decembro."

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 9.- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL 4º TRIMESTRE LEI 15/2010, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIONES COMERCIAIS.-**

Dase conta do Informe Trimestral correspondente o 4º Trimestre de 2013, Lei 15/2010 de Medidas de Loita Contra a Morosidade nas Operacions Comerciais, o cal presente o seguinte resume:

Operacións Realizadas en Prazo 91 por importe de 236.986,11 Euros.

Operacións Realizadas Fora de Prazo 326, por importe de 358.148,32 Euros.

O Concello Pleno dase por enterado.

**CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**



**PUNTO NÚM. 10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA.**

De conformidad e co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

**PUNTO NÚM. 11.- MOCIÓNS E PROPOSTAS:**

Toma a palabra o Sr. Alcalde, manifestando que as Mocións do BNG transcritas no punto B e C deste apartado, decaen por non estar presentes os proponentes.

A) **Moción do PSdeG-PSOE "PROBLEMÁTICA NO REPARTO DE CAPTURAS DE XARDA E XUREL NA FLOTA DE CERCO GALEGA".**

Dase conta da Moción do Grupo Municipal Socialista do seguinte teor literal:

" O Grupo Municipal Socialista do Concello de Ares, a través do seu portavoz, Eugenio Fernández Lago, de conformidad eco disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locals, presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a presente **MOCION SOBRE A PROBLEMÁTICA NO REPARTO DE CAPTURAS DE XARDA E XUREL NA FLOTA DE CERCO GALEGO**, ao obxecto de ser incluida e dabatida pola vía de urxencia no Pleno ordinario, en base ós motivos e consideracións expresadas na seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A flota de cerco galego atópase amarrada sen saír faenar, unha circunstancia que non se debe únicamente ao mal tempo, senón a un reparto de xarda e do xurel que, de materializarse, levaría á ruina á flota galega mentres que este reparto permite aos vascos capturar todo o que desexen. E mentres isto está a acontecer, o presidente da Xunta, Alberto Nuñez Feijoo, e a sua Conselleiro de Pesca, Rosa Quintana, están totalmente desaparecidos desta problemática e teñen a todo o sector do cerco abandonado.

A Asociación de Armadores de Cerco afirma levar semanas pedindo unha renión e, ata o momento, fixose caso omiso a súa petición. De feito, eles mesmos aseguran nun escrito que "o señor Feijóo" atópase na preparación do Entroido de Xinzo de Limia e iso é mais importante que o afundimeno da flota galega de cerco".

O mesmo afirman da conselleira Rosa Quintana, da que din que se nega a recibir aos representantes do cerco galego, mentres si o fai dun xeito inmediato con persoas que a insultan a través das redes sociais. A problemática deste sector, que ademáis asiste a uns meses moi duros polos temporais que lle impiden traballar con normalidade, é moi importante en Galicia e, no caso de Ares, tamén ten incidencia posto que a Confraría de Pescadores conta con flota de cerco.

A este respecto, hai que destacar que cada barco é unha empresa cunha media de 10 traballadores, que precisan dunha solución urxente por parte do Goberno da Xunta e, nomeadamente, do seu presidente e da súa Conselleira de Pesca.

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN:

1.- O Pleno do Concello de Ares apoia á flota de cerco de Ares e, en termos xerais de toda Galicia e esixe ás autoridades competentes da Xunta que resolvan o conflicto xerado co reparto de capturas da xarda e o xurel.

2.- O Pleno do Concello de Ares insta ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo, e á conselleira de Pesca, Rosa Quintana, a recibir urxentemente aos representantes da Asociación de Armadores de Cerco, tal e como veñen solicitando, para tratar de buscar unha solución a unha problemática que pode levar á ruína aos traballadores da flota de cerco de Galicia."

Sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día ó comenzo sinalado abandonan a Sesión os membros do Grupo Municipal do Partido Popular.

Sometida a votación a Moción, o Pleno do Concello por 7 votos a favor 6 do PSdeG-PSOE e 1 NAL, e 6 abstencións (2 BNG e 4 PP por ausentarse), acorda prestarlle a súa aprobación a Moción anteriormente transcrita.

**8) MOCIÓN DO BNG: "APOIO A FROTA DE CERCO E ARTES MENORES".**

Dase conta da Moción do BNG en Apoio a Frota de Cerco e Artes Menores, que seguidamente se transcribe:

"O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Ares (BNG), ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte Moción de apoio as reclamacións trasladadas por parte da Asemblea do cerco celebrada en Portosín, relativas a rexeitar o preacordo de reparto das cotas de xurelo e xarda e iniciar unha nova negociación con base en criterios equitativos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Máis unha vez, a Unión Europea, a través do Consello de Ministros de Pesca -sempre co entusiasta voto favorábel do Gobernó español e a convivencia da Xunta de Galiza- volvía

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/30 CIF. P-1500400 · E

fixar uns Topes Autorizados de Captura (TAC) claramente discriminatorios para a frota pesqueira galega. Esta decisión, non fundamentada cientificamente, pretende primar os intereses económicos e comerciáis doutros estados fronte ás necesidades do sector pesqueiro galego, claramente prexudicado en todo este proceso. Trátase de regras de xogo da UE incompatíbeis coa existencia e o futuro do noso país en materia pesqueira.

O problema non é que non haxa peixe no noso litoral: haino, e ben abundante. O confuto xorde cando se lles impide pescar aos galegos e si se lles permite a outras frotas. É, en definitiva, un problema político, que precisa de solucións políticas.

Nese contexto, en decembro do ano 2013, os representantes da Xunta de Galiza xunto eos representantes do sector pesqueiro galego negociaban en Madrid o reparto de cotas no Cantábrico noroeste; entre elas, estaban especies estratéxicas para a frota do cerco e de artes menores como a

xarda e o xurelo.

No reparto que estabelece a UE do TAC da xarda, correspóndenlle ao Estado español 29.019 toneladas para o 2014, das cales hai que descontarlle unhas 7.000 toneladas que é a sanción que esta lle impon a toda a frota por se exceder ñas capturas asignadas nos anos 2009 e 2010.

No caso do xurelo correspondeulle ao Estado español un total de 16.592 toneladas, o que supon un 26% menos das que se recibiron o ano pasado de 22.409 toneladas ("marabillosa negociación", por certo, para o Gobernó galego e o ministro Arias Cañete, pois -afirmaban- é mellor reducir un 26% que un 40%), mentres que aos vascos se lles manteñen as capturas na zona Clem VIIIb (Golfo de Bizkaia) e son compensados coa subida do verdel (estornino ou xarda veteada), un 30%, saíndo, máis unha vez, claramente beneficiados.

Na negociación do reparto por parte do Estado español xulgábase que a intención era eliminar o modelo dos últimos anos, que obrigaba a terse que desprazar a frota galega a Cantabria ou ao País Vasco se querían pescar algo, pois en poucos días, esgotábase a cota. Compre trocar este modelo discriminatorio por outro máis acorde coa realidade galega, que lle permita á embarcación ter dereito a un total de capturas e poder péscalo cando e onde o considerar.

Na negociación que se levou a cabo impúxose o modelo vasco, que contou coa colaboración do Gobernó español e a inhibición do Gobernó galego; isto é, que as capturas históricas tivesen o maior peso posíbel no reparto, comezando nun 90-10 e admitindo un preacordo onde as capturas históricas lle correspondía o 70%, e outros factores, como número de tripulantes, GT's, etc., únicamente alcanzaban o 30%.

Con este reparto á frota galega, que ten 154 barcos de cerco, correspóndelle o 24,5% das cotas de xarda, mentres que á vasca, con 53 embarcacións, consegue un 50% do total das capturas. Este criterio de reparto realizouse interesadamente a partir das capturas históricas, computándose nestas as realizadas entre os anos 2002 e o 2011. Nestes anos a pesca en Galiza estivo regulada mediante topes, non así o doutras comunidades costeiras e coincidindo ademáis eos anos onde houbo un exceso de capturas (2009 e 2010), con sanciónd da UE. Para alen disto, o modelo destes últimos anos xa viña prexudicando gravemente a frota galega, dado que o reparto era global e cando a xarda chegaba ás nosas augas, a cota estaba esgotada impedíndosenos péscala.

A maiores temos que lembrar que históricamente a frota vasca non pescaba esta especie. Comezou a péscala a raíz de se ter esgotado a pescaría do bocareu. No actual preacordo de reparto en función das últimas capturas históricas non se prima a quen tivo regulada as súa actividade, nin a quen pescou menos, nin a quen non se excedeu das capturas: primase a quen se incorporou tardíamente a esta pescaría, a quen non a tivo regulada e, sobre todo, recoñéceselle como captura histórica a quen pescou de máis.

O Estado español é cómplice, mentres o Gobernó galego cala, admitindo uns criterios discriminatorios, ao igual que a Unión Europea, esquecéndose dos argumentos de boa xestión pesqueira, e permitindo uns criterios máis políticos que sociais, abocando a frota galega á miseria.

Unha vez que o sector foi consciente do prexuízo que se está a causar con este preacordo, decidíu

amarrar a frota e tomar medidas para impedir esta negociación discriminatoria, pois entende que con este

modelo o sector non ten futuro. A única saída a esta situación é que o Gobernó español anule este preacordo e que se inicie unha nova negociación onde os criterios sexan obxectivos, isto é: debe existir un reparto lineal proporcional ao número de embarcacións, onde se prime o número de tripulantes e os criterios de responsabilidade.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

1.Manifestar o apoio deste concello a frota do cerco e de artes menores que reclaman un reparto xusto das cotas da xarda e do xurelo.
2.Reclamar o cambio profundo da Política Común de Pesca da UE, e a derrogación do Principio de Estabilidade Relativa, que consagra a discriminación estrutural da frota pesqueira galega.
3.Reivindicar o exercicio pleno das competencias galegas sobre as nosas augas, eliminando as cotas de pesca fixadas desde Bruxelas no noso propio litoral.
4.Manifestar o apoio de toda a Corporación as reclamacións acordadas na Asemblea do Cerco, que tivo lugar en Portosín, isto é:
- Non admitir o preacordo logrado co Gobernó español.
- Pedir a dimisión do presidente da Federación de Confrarías de Galiza.
- Reprobar a actitude da conselleira de Medio Rural e do Mar por non defender os intereses do sector.
- Instar á Consellaría de Medio Rural e do Mar a adoptar unha posición comprometida de defensa dos intereses da frota galega.

5.Trasladar este acordó ao presidente da Xunta de Galiza, ao presidente do Gobernó español, aos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e do Congreso dos Deputados, e deputadas e deputados galegos no Parlamento europeo."

**Non se entra no debate desta Moción por non estar presentes os proponentes.**

C) <u>MOCION DO BNG: MODIFICACIÓN DA LEI DA XERENCIA DE INFRAESTRUCTURAS DE DEFENSA E REVERSIÓN DE PROPIEDADES NA TITULARIDADE PÚBLICA.</u>

CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)
Avd. Saavedra Meneses nº 12 · D.P. 15624 · Tef. 981 468 102 · Fax 981 448 299 · RELGA MU-2000/38 CIF. P-1500400 · E

Dase conta da Moción do BNG relativa á Modificación da Lei da Xerencia de Infraestructuras de Defensa e Reversión de Propiedades Na Titularidade Pública:

Resulta de dominio público a existencia na nosa comarca dun inmenso catálogo de propiedades do Ministerio de Defensa - desafectadas dos usos que tiveran noutrora - que teñen un grande valor do ponto de vista ecolóxico, paisaxístico e mesmo no ámbito das infraestruturas de comunicación. Coñecido é tamén que a política deste Ministerio vén sendo a venda destes inmóbeis que, baixo a categoría de rústicos, inclúen nada menos que estradas, e antigos polvoríns, baterías, campamentos ou observatorios.

No caso da nosa comarca - a máis afectada por este proceso - figuran nada máis e nada menos que un total de 29 inmóbeis rústicos no concello de Ferrol, 12 en Ares, 5 en Valdoviño, 2 en Narón e 1 en Mañón. En moitos casos son estradas, pistas e caminos que no seu momento financiou a Administración Central polo terreo e que poderían pasar a mans privadas neste proceso; privatizando importantes espazos naturais e paisaxísticos.

Non é de recibo a actuación dun Ministerio nun rexime democrático con fins claramente especulativos, como resultado do mantemento da Lei 25/1984 de creación da Xerencia de Infraestruturas da Defensa; moito menos nunha comarca que vive unha situación crítica do ponto de vista económico como a nosa. Unha actuación que, por outra banda, vai contribuir ao deterioro medioambiental, dificultar a labor de ordenación do territorio nos concellos e o aproveitamento dos seus recursos naturais.

No caso do noso concellos, temos as propiedades de:

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | ARES | 15-040-002 | 0 | 18.780,00 | CARRETERA ALSEGAÑO DESDE EMP.CUARTEL DEFENSIVO | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-003 | 0 | 2.825,00 | CARRETERA BATERIA-FUENTEBICA DESDE LA DE LA PEÑA BAILADORA A FARO | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-004 | 0 | 12.598,00 | CARRETERA CUARTEL DEFENSIVO DE MONTEFARO | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-005 | 0 | 2.928,00 | CARRETERA A BATERÍA DE PEÑA BAILADORA | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-006 | 0 | 2.923,00 | CARRETERA A BATERÍA CL FARO(BAILADORA) | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-008 | 0 | 16.432,00 | CARRETERA BATERÍA SUDOVA | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-010 | 0 | 4.218,00 | CARRETERA A COITELADA | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-011 | 0 | 1.840,00 | CARRETERA AL OBSERVATORIO CENTRAL DESDE LA DE FARO | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-012 | 0 | 7.400,00 | CARRETERA A AVARENTA DESDE SUDOVA | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | ARES | 15-040-016 | 0 | 1.990,00 | PROYECTOR DEL PESCANTE | PROYECTORES, PTOS. DE MANDO Y OBSERVIOs. |
| A CORUÑA | ARES | 15-040-017 | 0 | 23.733,00 | CARRETERA DE LA PALMA AL SEGAÑO | CARRETERAS, PISTAS, CAMINOS Y RAMALES |
| A CORUÑA | ARES | 15-040- | 0 | 8.011,00 | CENTRAL DE COITELADA | PROYECTORES, PTOS. DE MANDO Y OBSERVIOs |

Neste sentido, o BNG entende que é preciso un cambio lexislativo que permita a cesión gratuita ás administracións públicas daquelas antigas instalación de Defensa que teñan especial interese natural, histórico-artístico ou cultural, e no ámbito das infraestructuras de comunicación, que permitan a súa recuperación, restauración e valoración para o uso publico.

Nesa liña, propoñemos ao pleno do Concello de Ares a adopción do seguinte **ACORDO:**

1.- Solicitar a modificación da Lei 28/1984 de creación da Xerencia de Infraestructura da Defensa no sentido de que aqueles bens desafectados que teñan características especiais –por formar parte do patriminonio histórico-artístico, cultural, natural ou das infraestructuras de comunicación –pasen a ter un réxime especifico que asegure a súa permanencia como bens de titularidade pública; permitindo o seu traspaso ordenado a outras administracións públicas no territorio onde se ubican eses bens co obxecto de acometer proxectos de recuperación, restauración e valorización de usos públicos.

**Non se entra no debate desta Moción por non estar pre sentes os proponentes.**

**PUNTO NÚM. 12.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non hay rogos e preguntas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día ó comenzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

EL ALCALDE, O SECRETARIO,

NOMBRE IGLESIAS REDONDO JULIO IGNACIO - NIF 32649797D

Firmado digitalmente por NOMBRE IGLESIAS REDONDO JULIO IGNACIO - NIF 32649797D
Fecha 2015.01.20 13:48:23 +01'00'

ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE ARES - CIF P1500400E - NOMBRE LARROSA RODRIGUEZ MANUEL - NIF 32624447M

Firmado digitalmente por ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE ARES - CIF P1500400E - NOMBRE LARROSA RODRIGUEZ MANUEL - NIF 32624447M
Fecha 2015.01.20 13:49:23 +01'00'